O incumprimento do principio de estabilidade levará a elaboración dun Plan Económico-Financeiro de conformidade co disposto nos artigos 21 e 23 da Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira.

4. A proposta de modificación, previo informe da Intervención, será sometida polo Presidente á aprobación do Pleno da Corporación.

5. En todo caso será necesario respectar o disposto nos artigos 12.5 e 32 da Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira no que se refire ós ingresos obtidos por encima do previsto e ó destino do superávit orzamentario.

BASE 8. Aprobación e publicación

1. A aprobación dos expedientes polo Pleno realizarase con suxeición ós mesmos trámites e requisitos que os Orzamentos, debendo ser executivos dentro do mesmo exercicio no que se autoricen.



Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concellodelousame.com
concellodelousame@concellodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c

2. Na tramitación dos expedientes de concesión de créditos extraordinarios e dos suplementos de crédito serán de aplicación as normas sobre información, reclamacións e publicidade aplicables á aprobación dos Orzamentos da Entidade.
3. Igualmente serán aplicables as normas referentes ós recursos contencioso – administrativos contra os Orzamentos desta Entidade Local.
4. Os acordos do Concello que teñan por obxecto a concesión de créditos extraordinarios ou suplementos de crédito en casos de calamidade pública ou de natureza análoga, de excepcional interese xeral, serán inmediatamente executivos sen prexuízo das reclamacións que contra os mesmos se promovan. Ditas reclamacións deberanse tramitar dentro dos oito días seguintes á súa presentación, entendéndose denegadas de non notificarse a súa resolución ó interesado dentro do dito prazo.

BASE 9. Dos créditos ampliáveis.

1. Terán a natureza de créditos ampliáveis os financiados con recursos expresamente afectados, excepto os procedentes de operacións de crédito, salvo os de tesourería, todo isto de conformidade co disposto no artigo 39.1 do *Decreto 500/1990*.
2. Sen prexuízo do exposto, ó formalizarse os ingresos e os gastos referidos, farase constar, respectivamente, as expresións " Ingreso afectado á aplicación....." e " ampliación efectuada con base no concepto.....".
3. Os expedientes tramitaranse polo servizo de Intervención municipal, a proposta de quen teña ó seu cargo a xestión dos créditos, e nos mesmos especificaranse os medios ou recursos que financian o maior gasto, acreditándose, en todo caso, o recoñecemento en firme dos dereitos que financien o crédito que se pretenda ampliar e que os citados dereitos supoñan maiores recursos sobre os previstos nos respectivos conceptos orzamentarios.
4. A aprobación dos expedientes de ampliación de créditos, co informe previo da Intervención, corresponderá á Alcaldía por Decreto.
5. Non se establece ningunha aplicación orzamentaria con consideración de ampliable no Orzamento Xeral, e se durante o exercicio se producise a necesidade de declarar algunha con tal carácter, efectuariase mediante a modificación das presentes Bases de Execución e, en concreto, incluíndo na presente Base novena as ditas aplicacións orzamentarias co recurso afectado que corresponda.

BASE 10. Das Transferencias de Créditos.

1. Transferencia de crédito é aquela modificación do Estado de Gastos do Orzamento mediante a que, sen alterar a contía total do mesmo, se imputa o importe total ou parcial dun crédito a outras aplicacións orzamentarias con diferente vinculación xurídica.



Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concellodelousame.com
concellodelousame@concellodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c

000090

2. As transferencias de crédito estarán suxeitas ás limitacións establecidas no artigo 41 do *Real Decreto 500/1990* que son as seguintes:

- a) Non afectarán ós créditos ampliáveis nin ós extraordinarios concedidos durante o exercicio.
- b) Non poderán minorarse os créditos que fosen incrementados con suplementos ou transferencias, salvo cando afecten a créditos de persoal, nin os créditos incorporados como consecuencia de remanentes non comprometidos procedentes de Orzamentos pechados.
- c) Non se incrementarán créditos que, como consecuencia doutras transferencias, sexan obxecto de minoración, salvo cando afecten a créditos de persoal.

Non obstante, estas limitacións non afectarán ás transferencias de crédito que se refiran ós programas de imprevistos e funcións non clasificadas nin serán de aplicación cando se trate de transferencias motivadas por reorganizacións administrativas aprobadas polo Pleno.

3. A aprobación do expediente de transferencias de crédito cando afecten a aplicacións de distinta área de gasto, corresponde ó Pleno da Corporación, salvo cando afecten a créditos de persoal (artigo 40.3 do *Real Decreto 500/1990*, de 20 de abril).

Nestes casos serán de aplicación as normas sobre información, reclamacións e publicidade aplicables á aprobación dos orzamentos da entidade a que se refiren os artigos 20 e 22 do *Real Decreto 500/1990*, de 20 de abril, así como ó réxime dos recursos contenciosos administrativos do artigo 23 (artigo 42 de dito *Real Decreto*).

4. A aprobación dos expedientes de transferencias de crédito cando afecten a aplicacións da mesma área de gasto ou a créditos de persoal, corresponde á Alcaldía da Corporación, mediante Decreto, previo informe de Intervención, e serán inmediatamente executivas.

5. Na tramitación dos expedientes de transferencia de crédito, cuxa aprobación corresponde ó Pleno, serán de aplicación as normas sobre información, reclamacións, publicidade e réxime de recursos contencioso – administrativos aplicables á aprobación dos Orzamentos da Entidade.

6. De acordo co disposto no art. 31 do *R.D. 500/1990* mencionado, en todo expediente de transferencia de crédito será requisito indispensable para a súa tramitación a certificación previa da existencia de crédito suficiente na aplicación correspondente que deba ceder crédito. Esta certificación será expedida pola Intervención co correspondente documento contable "RC".

BASE 11. Da Xeración de Créditos por novos ingresos

1. Poderán xerar créditos nos estados de gastos do orzamento os ingresos de natureza non tributaria derivados das operacións seguintes (artigo 181 do *Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais aprobado por Real Decreto Lexislativo 2/2004*, de 5 de marzo e artigos 43, 44 e 55 do *Real Decreto 500/1990*, de 20 de abril):



Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concellodelousame.com
concellodelousame@concellodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c

a) Achegas ou compromisos firmes de achega, de persoas físicas ou xurídicas para financiar, xuntamente co Concello, gastos que pola súa natureza están comprendidos nas finalidades ou obxectivos do mesmo.

b) Alleamento de bens do Concello.

En ámbolos dous supostos a) e b) será requisito indispensable para que se xere o crédito que se dea o acto formal do compromiso firme de achega ou o recoñecemento do dereito, extremo que deberá ser acreditado por Intervención.

c) Prestacións de servizos polos que se teñan liquidado prezos públicos en contía superior á presupostada.

d) Reembolso de préstamos.

Nestes dous supostos c) e d) o crédito xerarase no momento de recoñecemento do dereito, se ben a dispoñibilidade de ditos créditos estará condicionada á efectiva recadación dos dereitos; extremos que serán acreditados por Intervención.

e) Os importes procedentes de reintegros de pagamentos indebidos con cargo ó orzamento corrente en canto á reposición de créditos na correlativa aplicación orzamentaria.

Neste suposto será requisito indispensable para que se xere o crédito a efectividade do reintegro, extremo que deberá ser acreditado por Intervención.

2. A xeración de créditos por ingresos esixirá a tramitación dun expediente, incoado pola Alcaldía, no que se acredite o recoñecemento de maiores dereitos sobre os previstos no orzamento de ingresos. Para elo, deberá existir informe da Intervención.

3. A aprobación dos expedientes de xeración de créditos corresponde á Alcaldía, mediante Decreto.

BASE 12. Da Incorporación de Remanentes de Crédito.

1. Son remanentes de crédito aqueles que ó peche e liquidación do orzamento non estean suxeitos ó cumprimento de obrigacións recoñecidas, é dicir, aqueles que non chegaron á fase de recoñecemento da obrigación (fase O), por tanto, son créditos non gastados.

Os remanentes de crédito estarán formados polos seguintes compoñentes:

- a) Os saldos de disposicións ou diferenza entre gastos dispostos ou comprometidos e obrigas recoñecidas.
- b) Os saldos de autorizacións ou diferenza entre os gastos autorizados e os gastos comprometidos.



Concello de Lousame

000091

Praza Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concellodelousame.com
concellodelousame@concellodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c

- c) Os saldos de crédito ou suma de créditos dispoñibles, créditos non dispoñibles e créditos retidos pendentes de autorizar.

2. Os remanentes de crédito, para os efectos da súa posible incorporación ó exercicio seguinte, poderán atoparse nas seguintes situacións:

- a) Remanentes de crédito non incorporables.

En ningún caso serán incorporables os créditos declarados non dispoñibles nin os remanentes de crédito incorporados no exercicio que se liquida, salvo aqueles que estivesen financiados con recursos afectados.

- b) Remanentes de crédito de incorporación voluntaria.

Poderán ser incorporados ós correspondentes créditos dos Orzamentos de Gastos do exercicio inmediato seguinte, os remanentes de crédito non utilizados procedentes de:

1. Créditos extraordinarios, suplementos de crédito e transferencias de crédito que sexan concedidos ou autorizados no último trimestre do exercicio.
2. Créditos que amparen disposicións ou compromisos de gastos do exercicio anterior, a que se fai referencia no artigo 26.2,b) do Real decreto 500/1990.
3. Créditos por operacións de capital.
4. Os créditos autorizados en función da efectiva recadación dos dereitos afectados.

- c) Remanentes de crédito de incorporación obrigatoria.

Os remanentes de crédito que amparen proxectos financiados con ingresos afectados deberán incorporarse obrigatoriedade ó exercicio seguinte, salvo que se desista total ou parcialmente de iniciar ou continuar a execución do gasto, ou que se faga imposible a súa realización.

3. A incorporación dos remanentes de crédito detallados nos parágrafos anteriores quedará subordinada ó cumprimento dos seguintes requisitos:

- Os remanentes de crédito derivados de créditos extraordinarios, suplementos de crédito e transferencias de crédito concedidos ou autorizados no último trimestre, deberán ser aplicados para os mesmos gastos que motivaron, en cada caso, a súa concesión e autorización, poderán ser aplicados tan só dentro do exercicio orzamentario seguinte e quedarán subordinados á existencia de suficientes recursos financeiros.
- En relación cos créditos que amparen compromisos de gastos do exercicio anterior, os remanentes incorporados poderán ser aplicados tan só dentro do exercicio orzamentario seguinte e deberán contar con suficientes recursos financeiros.



Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concellodelousame.com
concellodelousame@concellodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c

- Ós créditos financiados con recursos afectados non lle serán de aplicación as regras de limitación no número de exercicios, aínda que deberán contar con suficientes recursos financeiros.

4. Para os efectos de incorporación de remanentes de crédito consideraranse recursos financeiros:

- a) O remanente líquido de Tesourería.
- b) Novos ou maiores ingresos recadados sobre os totais previstos no orzamento.

No caso de incorporación de remanentes de crédito para gastos con financiamento afectado consideraranse recursos financeiros suficientes:

- a) En primeiro lugar, os excesos de financiamento e os compromisos firmes de achega afectados ós remanentes que se pretende incorporar.
- b) Na súa falta, os recursos mencionados no parágrafo anterior.

5. As propostas de incorporación de remanentes terán en conta as seguintes prioridades:

- 1º. Os recursos financeiros dispoñibles aplicaranse en primeiro termo á incorporación de remanentes de crédito que amparen proxectos de gastos financiados con ingresos afectados.
- 2º. O exceso, se o houber, destinarase a financiar a incorporación de remanentes de crédito que amparen disposicións ou compromisos de gasto de exercicios anteriores.
- 3º. Os recursos financeiros que resulten tras as incorporacións expostas aplicaranse á incorporación dos restantes remanentes de crédito de carácter voluntario.

6. No caso de que se produciran alteracións na codificación das clasificacións orgánica, por programas ou económica, con respecto ó Orzamento anterior, a Intervención, deberá proceder a actualizar os créditos a incorporar.

7. Con carácter xeral, a liquidación do Orzamento precederá á incorporación de remanentes. Excepcionalmente, caberá a incorporación de remanentes sen necesidade de previa liquidación nos seguintes casos:

- a) Cando se trate de remanentes de crédito que correspondan a gastos financiados con ingresos afectados.
- b) Cando correspondan a contratos adxudicados no exercicio anterior ou a gastos urxentes, previo informe de Intervención no que se avaliará a existencia de suficientes recursos financeiros e que a incorporación non producirá déficit.

8. A aprobación dos expedientes de incorporación de remanentes de crédito, previo informe de Intervención, corresponde á Alcaldía, mediante Decreto, dando conta ó Pleno na primeira sesión que teña lugar.



Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concellodelousame.com
concellodelousame@concellodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c

BASE 13. Das Baixas por Anulación.

1. Baixa por anulación é a modificación do Estado de Gastos do Orzamento que supón unha diminución total ou parcial no crédito asignado a unha aplicación (artigo 49 do *Real Decreto 500/1990, de 20 de abril*).
2. Cando a Alcaldía estime que o saldo dun crédito é reducible ou anulable sen perturbación do servizo poderá ordenar, previo informe da Intervención, a incoación dun expediente de baixa por anulación, sendo competencia do Pleno do Concello a súa aprobación.
3. Poderá darse de baixa por anulación calquera crédito do orzamento de gastos ata a contía correspondente ó saldo de crédito sempre que a dita dotación se estime reducible ou anulable sen perturbación do respectivo servizo (artigo 50 do *Real Decreto 500/1990, de 20 de abril*).
4. Poderán dar lugar a unha baixa de crédito, conforme ó artigo 51 do *Real Decreto 500/1990, de 20 de abril*:
 - O financiamento de remanentes de tesourería negativos.
 - O financiamento de créditos extraordinarios e suplementos de crédito.
 - A execución doutros acordos do Pleno da Entidade Local.

TÍTULO II. DOS GASTOS.

CAPÍTULO I.

BASE 14. Nivel de vinculación xurídica. Creación de aplicacións dentro do nivel de vinculación xurídica

Os Niveis de Vinculación Xurídica que se establecen son:

- **A nivel de área de gasto, respecto á clasificación por programas.**
- **A nivel de capítulo, polo que se refire á clasificación económica.**

Creación de aplicacións orzamentarias dentro dun nivel de vinculación:

Este parágrafo será de aplicación a aqueles supostos nos que, sempre que exista dotación orzamentaria para un ou varios conceptos dentro do nivel de vinculación xurídica establecido (Área de Gasto – Capítulo), se pretenda imputar gastos a outros conceptos / subconceptos do mesmo nivel de vinculación no que non figuren abertas na contabilidade aplicacións orzamentarias de gastos.

Neste caso, non será preciso aprobar ningún expediente de modificación de crédito, pero no primeiro documento contable que se tramite con cargo a tales conceptos (A, AD ou ADO) haberá



Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concellodelousame.com
concellodelousame@concellodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c

que facer constar tal circunstancia mediante dilixencia en lugar visible que indique: “*Primeira operación imputada ao concepto*”

BASE 15. Prioridade de pago da débeda pública

En observancia do artigo 14 Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira e do artigo 135 da Constitución española, os créditos orzamentarios para satisfacer os intereses e o capital da débeda pública das Administracións entenderanse sempre incluídos no estado de gastos dos seus Orzamentos e non poderán ser obxecto de emenda ou modificación mentres se axusten ás condicións da Lei de emisión.

Así mesmo, o pago dos intereses e o capital da débeda pública das Administracións Públicas gozarán de prioridade absoluta fronte a calquera outro gasto.

BASE 16. Consignación orzamentaria.

As consignacións do Estado de Gastos constitúen o límite máximo das obrigacións que se poden recoñecer para o fin a que están destinadas, sen que a mera existencia de crédito orzamentario presupoña autorización previa para realizar gasto algún nin obrigación do Concello a abonalas, nin dereito de aqueles a que se refiren a esixir a aprobación do gasto e o seu pago sen o cumprimento dos trámites de execución orzamentaria.

BASE 17. Retención de Créditos.

1. Cando a Alcaldía considere necesario reter, total ou parcialmente, crédito dunha aplicación orzamentaria, de cuxa execución é responsable, formulará proposta razoada á Intervención municipal.

2. Retención de Crédito é o documento que, expedido por Intervención, certifica a existencia de saldo adecuado e suficiente nunha aplicación orzamentaria para a autorización dun gasto ou dunha transferencia de crédito, por unha contía determinada, producindo polo mesmo importe unha reserva para dito gasto ou transferencia.

3. A suficiencia de crédito verificarase:

- En todo caso, ó nivel a que estea establecida a vinculación xurídica do crédito.
- Ó nivel da aplicación orzamentaria contra a que se certifique, cando se trate de retencións destinadas a financiar transferencias de crédito.

4. As Retencións de Crédito expediranse pola Intervención.



Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concellodelousame.com
concellodelousame@concellodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c

BASE 18. Dos créditos non dispoñibles.

1. Os gastos que deban de financiarse, total ou parcialmente, mediante ingresos afectados como préstamos, alleamentos, axudas, subvencións, doazóns ou outras formas de cesión de recursos por terceiros, quedarán en situación de créditos non dispoñibles, ata o importe previsto nos Estados de Ingresos, ata que:

- No caso de gastos que se financien mediante préstamo, ata que se conceda a autorización correspondente, se é necesaria, ou ata que se formalice a operación, cando non sexa necesaria a autorización.
- No resto de gastos, ata que exista documento fidedigno que acredite o compromiso firme de contribución.

2. A declaración de non dispoñibilidade de créditos, así como a súa reposición a dispoñible, corresponde ó Pleno.

3. Con cargo ó saldo declarado non dispoñible non poderán acordarse autorizacións de gastos nin transferencias e o seu importe non poderá ser incorporado ó Orzamento do exercicio seguinte.

CAPÍTULO II. EXECUCIÓN DO ESTADO DE GASTOS.

BASE 19. Das fases de execución do gasto.

1. A xestión dos gastos previstos no Orzamento deste Concello realizarase nas seguintes fases:

- Autorización do gasto (fase A).
- Disposición ou compromiso do gasto (fase D).
- Recoñecemento e liquidación da obrigaón (fase O).
- Ordenación do pago (fase P).

2. É requisito necesario para a autorización do gasto a existencia de saldo de crédito adecuado e suficiente polo que ó inicio de todo expediente susceptible de producir obrigaóns de contido económico deberá incorporarse ó mesmo o documento de Retención de Créditos expedido pola Intervención do Concello.

BASE 20. Autorización do gasto.

1. A autorización é o acto administrativo mediante o cal se acorda a realización dun gasto determinado por unha contía certa ou aproximada, reservando a tal fin a totalidade ou parte dun crédito orzamentario (artigo 54.1 do Real Decreto 500/1990, de 20 de abril).

2. A autorización constitúe o inicio do procedemento de execución do gasto, se ben non implica relacións con terceiros externos á Entidade Local.



Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concellodelousame.com
concellodelousame@concellodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c

3. Dentro do importe dos créditos autorizados no Orzamento Municipal, a autorización e disposición ou compromiso do gasto corresponderán segundo os casos, á Alcaldía, ó Pleno do Concello ou á Xunta de Goberno Local, segundo se expresa a seguir:

a) Á Alcaldía:

- Os gastos de carácter ordinario que se produzan de forma regular e periodicamente durante o exercicio.
- Os que sexan destinados para contratación de obras, servizos e subministracións, dentro dos límites establecidos na lexislación actualmente vixente (Disposición Adicional Segunda do *RDL 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público*), e concretamente a autorización de gastos cando o seu importe non supere o 10% dos recursos ordinarios do Orzamento nin, en calquera caso, os seis millóns de euros, incluídos os de carácter plurianual cando a súa duración non sexa superior a catro anos, sempre que o importe acumulado de todas as súas anualidades non supere nin a porcentaxe indicada, referida ós recursos ordinarios do primeiro exercicio nin á contía sinalada. Será tamén da súa competencia a autorización de gastos para aprobación de prórrogas ou modificacións de aqueles contratos que aprobábase previamente.
- Os que sexan destinados para a adquisición de bens e dereitos cando o seu valor non supere o 10% dos recursos ordinarios do Orzamento o importe de tres millóns de euros (Disposición Adicional Segunda do *RDL 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público*).
- Os que correspondan á liquidación de obrigas derivadas de compromisos legalmente contraídos.
- Os que presupoñan o recoñecemento extraxudicial de créditos, sempre que exista dotación orzamentaria.
- Os demais que expresamente lle estean atribuídos polas Leis e os que estas asignen ó Municipio sen determinar expresamente o órgano.

b) Ó Pleno do Concello:

- Os gastos precisos para a contratación de obras, servizos e subministracións que rebasen os límites da competencia da Alcaldía.
- Os que sexan destinados para a adquisición de bens e dereitos que rebasen os límites da competencia da Alcaldía.
- Os que presupoñan o recoñecemento extraxudicial de créditos, nos termos que sinala o artigo 23, apartado e) do Real Decreto Lexislativo 781/1986, de 18 de abril.
- Os demais gastos que expresamente lle sexan conferidos polas Leis.

c) A Xunta de Goberno Local:

- Outros gastos dimanantes das delegacións que expresamente lle outorgue a Alcaldía ou o Pleno da Corporación.



Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concellodelousame.com
concellodelousame@concellodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c

BASE 21. Disposición ou Compromiso do Gasto.

1. A disposición ou compromiso é o acto administrativo mediante o cal se acorda, tras o cumprimento dos trámites legalmente establecidos, a realización de gastos, previamente autorizados, por un importe exactamente determinado (artigo 54 do Real Decreto 500/1990, de 20 de abril).

2. A disposición ou compromiso é un acto con relevancia xurídica para con terceiros, vinculando á Entidade Local á realización dun gasto concreto e determinado tanto na súa contía como nas condicións de execución.

3. Dentro do importe dos créditos autorizados corresponde a disposición dos gastos corresponderán segundo os casos, á Alcaldía, ó Pleno do Concello ou á Xunta de Goberno Local, segundo se expresa a seguir:

b) Á Alcaldía:

- Os gastos de carácter ordinario que se produzan de forma regular e periodicamente durante o exercicio.
- Os que sexan destinados para contratación de obras, servizos e subministracións, dentro dos límites establecidos na lexislación actualmente vixente (Disposición Adicional Segunda do RDL 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público), e concretamente a disposición de gastos cando o seu importe non supere o 10% dos recursos ordinarios do Orzamento nin, en calquera caso, os seis millóns de euros, incluídos os de carácter plurianual cando a súa duración non sexa superior a catro anos, sempre que o importe acumulado de todas as súas anualidades non supere nin a porcentaxe indicada, referida ós recursos ordinarios do primeiro exercicio nin á contía sinalada. Será tamén da súa competencia a autorización de gastos para aprobación de prórrogas ou modificacións de aqueles contratos que aprobábase previamente.
- Os que sexan destinados para a adquisición de bens e dereitos cando o seu valor non supere o 10% dos recursos ordinarios do Orzamento o importe de tres millóns de euros (Disposición Adicional Segunda do RDL 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público).
- Os que correspondan á liquidación de obrigas derivadas de compromisos legalmente contraídos.
- Os que presupoñan o recoñecemento extraxudicial de créditos, sempre que exista dotación orzamentaria.
- Os demais que expresamente lle estean atribuídos polas Leis e os que estas asignen ó Municipio sen determinar expresamente o órgano.

b) Ó Pleno do Concello:



Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concellodelousame.com
concellodelousame@concellodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c

- Os gastos precisos para a contratación de obras, servizos e subministracións que rebasen os límites da competencia da Alcaldía.
- Os que sexan destinados para a adquisición de bens e dereitos que rebasen os límites da competencia da Alcaldía.
- Os que presupoñan o recoñecemento extraxudicial de créditos, nos termos que sinala o artigo 23, apartado e) do Real Decreto Legislativo 781/1986, de 18 de abril.
- Os demais gastos que expresamente lle sexan conferidos polas Leis.

c) A Xunta de Goberno Local:

- Outros gastos dimanantes das delegacións que expresamente lle outorgue a Alcaldía ou o Pleno da Corporación.

4. O compromiso de gastos deberá rexistrarse na contabilidade, soportándose no documento contable D.

BASE 22. Recoñecemento da obrigación.

1. O recoñecemento e liquidación da obrigación é o acto mediante o cal se declara a existencia dun crédito esixible contra a Entidade, derivado dun gasto autorizado e comprometido (artigo 58 do Real Decreto 500/1990, de 20 de abril).

2. Previamente ó recoñecemento das obrigacións deberá acreditarse documentalmente ante o órgano competente a realización da prestación ou o dereito do acredor, de conformidade cos acordos que no seu día autorizaron e comprometeron o gasto.

3. A simple prestación dun servizo ou realización dunha subministración ou obra non é título suficiente para que o Concello se recoñeza debedor por tal concepto, se aqueles non foron aprobados, requiridos ou solicitados por órgano competente na forma legal ou regulamentariamente establecida.

BASE 23. Competencia para o recoñecemento de obrigacións.

1. Corresponderá á Alcaldía o recoñecemento e a liquidación de obrigacións derivadas dos compromisos de gastos legalmente adquiridos.

2. Corresponderá ó Pleno da Entidade o recoñecemento das obrigacións nos seguintes casos:

- O recoñecemento extraxudicial de créditos, sempre que non exista dotación orzamentaria.
- As operacións especiais de crédito.
- As concesións de quita e espera.

3. A Alcaldía (ou órgano no que delegue) poderá tamén realizar o recoñecemento da obriga e liquidación de crédito **sempre que exista dotación orzamentaria específica para o devandito gasto no Orzamento**, e de acordo coas seguintes regras:



Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concellodelousame.com
concellodelousame@concellodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c

000095

A) *Recoñecemento Extraxudicial de Créditos para gastos concretos e detallados no Orzamento*

Considérase que existe “dotación orzamentaria específica” cando o Orzamento en vigor prevexa créditos para uns gastos concretos e detallados, ben nos créditos iniciais, ou ben como consecuencia dunha modificación orzamentaria.

B) *Gastos de exercicios anteriores con crédito nos orzamentos respectivos.*

Correspóndelle á Alcaldía (ou en quen delegue) a aprobación dos “gastos de exercicios anteriores” para os que no **orzamento de orixe e no corrente**, así coma nos **orzamentos intermedios** existira crédito adecuado e suficiente. Os recoñecementos extraxudiciais imputaranse automaticamente á aplicación orzamentaria do exercicio corrente.

C) *Gastos de tracto sucesivo*

Correspóndelle á Alcaldía (ou en quen delegue) a aprobación de **gastos de tracto sucesivo** dos que a documentación xustificativa do último período facturado no ano (mensual, trimestral ou outra periodicidade) se recibe no exercicio seguinte ao da prestación do servizo (enerxía eléctrica, comunicacións telefónicas, contratos de tracto sucesivo e outros de natureza análoga), e **sen necesidade de tramitar un recoñecemento extraxudicial de créditos**. Os recoñecementos imputaranse automaticamente á aplicación orzamentaria do exercicio corrente.

BASE 24. Requisitos para o recoñecemento de obrigacións.

Para o recoñecemento das obrigacións cumpriranse os requisitos seguintes:

1. Nos Gastos de persoal:

- As retribucións básicas e complementarias do persoal funcionario e laboral xustificaranse mediante as nóminas mensuais, coa sinatura, selo e dilixencias que procedan, acreditativas de que o persoal relacionado prestou servizos no período anterior e que as retribucións que figuran en nómina son as que corresponden ó posto, categoría e/ou contrato asinados.
- As gratificacións e complemento de produtividade do persoal funcionario e laboral, xustificaranse mediante Decreto da Alcaldía, no que se acredite que se prestaron os servizos especiais, ou que procede abonar cantidade polo concepto de produtividade, de acordo coa normativa reguladora da mesma.
- As cotas de Seguridade Social quedan xustificadas mediante as liquidacións correspondentes.

2. Os Gastos de xuros e amortización de préstamos concertados e vixentes que orixinen un cargo directo en conta bancaria xustificaranse de conformidade co cadro de amortización do préstamo.



Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concellodelousame.com
concellodelousame@concellodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c

3. A adquisición de accións esixirá para o seu pago que as mesmas, ou resgardo válido, obren en poder da Corporación; non obstante, excepcionalmente poderase anticipar o pago á entrega das accións ou o seu resgardo, pago que terá o carácter de “Pago a xustificar”, supoñendo a entrega das accións ou o seu resgardo a xustificación do gasto.

4. Nas subvencións estarase ó regulado nas presentes Bases sobre concesión e xustificación.

5. No resto de gastos, a factura debidamente emitida ou documento equivalente (para o caso de que non haxa obriga de expedir factura), e deberá achegarse a aquela a certificación de obra, cando proceda. Con referencia ás facturas ou documentos equivalentes, deberán levar dilixencia subsrita polo xefe do servizo, polo seu encargado, ou, no seu caso, pola Alcaldía ou concelleiro-delegado, que acredite a recepción e conformidade das obras, servizos, subministracións, materiais, etc. que estas comprendan.

BASE 25. Tramitación previa ó recoñecemento de obrigacións.

1. Os documentos xustificativos do recoñecemento da obrigación, incluso as certificacións de obras, presentaranse no Rexistro Xeral deste Concello, a través do Punto Xeral de Entrada de Facturas Electrónicas FACe ou directamente no Rexistro de Facturas do Concello (as excluídas por este Concello da obriga de facturación electrónica), dentro dos trinta días seguintes á súa expedición. No caso de que entre a data do documento e a data de presentación no Rexistro exista unha diferenza, tomarase esta última data como referencia para o seu pago, ós efectos do establecido polo artigo 216 do *RDL 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público*.

2. Toda factura deberá conter, como mínimo, os seguintes datos:

A) Facturas electrónicas: Deberán axustarse o formato “FACTURAE” establecido polo Ministerio de Facenda e Administracións Públicas.

B) As excluídas por este Concello da obriga de facturación electrónica:

- Código da oficina contable, órgano xestor e unidade tramitadora.
- Número e, no seu caso, serie.
- Lugar e data de expedición.
- Nome e apelidos ou razón social do emisor das facturas.
- Domicilio do emisor da factura.
- NIF ou CIF do emisor da factura.
- Datos do receptor da factura (Concello de Lousame): Denominación, domicilio e CIF/NIF, coa indicación do centro orgánico que efectuou o encargo.
- Descrición das operacións ou produtos que se facturan, contendo todos os datos necesarios para a determinación da base impositiva das operacións, incluíndo o número e clase de unidades servidas e prezos unitarios sen impostos de cada



Concello de Lousame

000096

Praza Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concellodelousame.com
concellodelousame@concellodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c

operación así como calquera desconto ou rebaixa que non estea incluído no dito prezo unitario.

- A base impositiva e o tipo impositivo de IVE aplicado ás operacións, ou a mención á exención de IVE e o artigo e lei na que se recolle o dereito a tal exención.
- O importe da aplicación do tipo de IVE ás operacións realizadas.
- No seu caso, a retención a conta do IRPF que proceda.
- O importe total da factura.

3. Recibidas as facturas ou documentos equivalentes no Concello, e unha vez rexistradas no Rexistro de Facturas, trasladaranse á Sección, Área ou Departamento que encargou o gasto, ó obxecto de que poidan ser conformadas coa sinatura do funcionario ou persoa responsable, e, en todo caso, pola Alcaldía ou concelleiro delegado, implicando dito acto que a prestación se efectuou de acordo coas condicións contractuais.

4. Unha vez conformadas e asinadas as facturas ou documentos equivalentes, trasladaranse á Intervención municipal a efectos da súa fiscalización, contabilización e posterior aprobación polo órgano competente, nos casos que proceda, e o seu posterior pago.

5. Excepcionalmente, autorízase o cargo en conta bancaria das facturas ou documentos equivalentes correspondentes a:

- Tributos.
- Gastos financeiros e amortizacións de préstamos concertados e vixentes.
- Aqueles gastos que, no seu caso, autorice expresamente a Alcaldía, con carácter previo á súa aprobación.

BASE 26. Da Ordenación de pagos.

1. A ordenación do pago é o acto mediante o cal o ordenador de pagos, sobre a base dunha obrigação recoñecida e liquidada, espide a correspondente orde de pago contra a Tesourería Municipal (artigo 61 do real *Decreto 500/1990, de 20 de abril*).

2. É competencia da Alcaldía a función da ordenación de pagos.

3. A Alcaldía poderá delegar o exercicio das funcións da ordenación de pagos, de acordo co establecido nos artigos 21.3 da *Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local*, e 61.3 da *Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia* (artigo 62 do Real Decreto 500/1990, de 20 de abril).

4. A expedición de ordes de pago acomodarse ó Plan de disposición de fondos que para o efecto se estableza pola Presidencia. O Plan de disposición de fondos considerará aqueles factores que faciliten unha eficiente e eficaz xestión da Tesourería da Entidade e recollerá necesariamente a



Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concellodelousame.com
concellodelousame@concellodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c

prioridade dos gastos de persoal e das obrigacións contraídas en exercicios anteriores (artigo 65 do *Real Decreto 500/1990*).

5. O **acto administrativo da ordenación** materializarase en relacións de ordes de pago que recollerán, como mínimo e para cada das obrigacións incluídas, os seus importes bruto e líquido, a identificación do acredor e a aplicación ou aplicacións orzamentarias a que deban imputarse as operacións (ART. 60 RD 500/1990).

Así mesmo, a ordenación do pago poderá efectuarse individualmente respecto de obrigacións específicas e concretas (artigo 66 do *Real Decreto 500/1990*, de 20 de abril).

BASE 27. Do endoso ou cesión do dereito de cobro.

1. Toda obrigación recoñecida a favor de terceiros por este Concello, poderá ser endosada, de acordo coa lexislación vixente.

2. O endoso procederá unha vez os documentos xustificativos da obrigación cumpran os trámites que se establecen nas Bases anteriores para o Recoñecemento de Obrigacións.

BASE 28. Acumulación das fases de execución do gasto.

1. Un mesmo acto administrativo poderá abarcar máis dunha das fases de execución do Orzamento de gastos enumeradas na Base 18, podéndose dar os seguintes casos:

- Autorización – disposición.
- Autorización – disposición – recoñecemento da obrigación.

2. O acto administrativo que acumule dúas ou máis fases producirá os mesmos efectos que se ditas fases se acordaran en actos administrativos separados.

2. Nestes casos, o órgano que adopte o acordo haberá de ter competencia para acordar todas e cada unha das fases que sexan obxecto de acumulación.

BASE 29. Gastos susceptibles de tramitación de documento AD/ADO.

1. A Corporación poderá decidir en todo momento que gastos serán susceptibles de tramitación de Documento AD ou de Documento ADO.

2. As referidas acumulacións serán factíbles nos seguintes supostos:

- A) Autorización – disposición: Nos casos en que para a realización dun gasto se coñeza a súa contía exacta e o nome do perceptor, entre outros:
- Nóminas de persoal funcionario e laboral fixo.
 - Contratos e subvencións anticipadas ou de vixencia plurianual respecto da anualidade orzamentaria, e contratos menores.



Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concellodelousame.com
concellodelousame@concellodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c

- Gastos de tracto sucesivo cuxo importe é previamente coñecido: arrendamentos, contratos de prestación de servizos, etc.
- Gastos financeiros, xuros e cotas de amortización de préstamos, cuxo importe sexa coñecido previamente ó recoñecemento da obriga.
- Subvencións nominativas expresamente recollidas nas Bases de Execución do Orzamento.

B) Autorización – disposición – recoñecemento da obrigación. Os gastos que polas súas características requiran axilidade na súa tramitación ou aqueles nos que a esixibilidade da obriga poida ser inmediata e sempre e cando non estean suxeitos ó proceso de contratación. Poderanse tramitar por este procedemento, entre outros, o seguinte tipo de gastos:

- Asistencias a tribunais de oposición e órganos colexiados, así como axudas de custo por comisións de servizo.
- Nóminas de corporativos con dedicación exclusiva e persoal laboral temporal.
- Gastos orzamentarios consecuencia de fondos librados co carácter de “a xustificar” ou como “anticipos de caixa fixa”.
- Gastos de tracto sucesivo tales como subministracións de teléfono, enerxía eléctrica e outros cuxo importe se concrete coa facturación periódica.
- Gastos en publicacións e subscricións, así coma os gastos de actuacións de emerxencia por existir risco para as persoas ou as cousas, aínda cando superen os límites establecidos para a contratación.
- Todos aqueles gastos do capítulo 2 e do capítulo 6, no seu caso, da clasificación económica do Orzamento, que teñan o carácter de “contratos menores”.
- Todos aqueles gastos financeiros que debido ás súas características, non poida coñecerse o seu importe previamente ó recoñecemento da obriga (xuros variables, etc.).
- Subvencións prepagables.

BASE 30. Xustificación do pagamento.

1. Para a realización do pagamento será necesario que o documento acreditativo do gasto (factura, certificación de obra, etc.) conteña todos os requisitos legais, debendo recollese a identificación, tanto no citado documento como na correspondente orde de pagamento, e a sinatura do “recibín” da persoa interesada ou representante debidamente autorizado, si se fai en presenza do asinante. Noutro caso xustificárase mediante transferencia bancaria.

2. No relativo ás nóminas do persoal deberá xustificarse, mediante dilixencia do funcionario, persoa responsable ou Alcaldía, a prestación dos servizos que se retribúen, así como coa sinatura do “recibín” pola persoa interesada, salvo que o pagamento se efectúe por medio de transferencia bancaria.



Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concellodelousame.com
concellodelousame@concellodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c

CAPÍTULO III. NORMAS ESPECIAIS

BASE 31. Das subvencións.

1. Enténdese por subvención, ós efectos do artigo 2 da *Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións*, toda disposición monetaria realizada por calquera dos suxeitos contemplados no artigo 3 da citada lei, a favor de persoas públicas ou privadas, e que cumpra os seguintes requisitos:

- a) Que a entrega se realice sen contraprestación directa dos beneficiarios.
- b) Que a entrega estea suxeita ó cumprimento dun determinado obxectivo, a execución dun proxecto, a realización dunha actividade, a adopción dun comportamento singular, xa realizados ou por desenvolver, ou a concorrencia dunha situación, debendo o beneficiario cumprir as obrigacións materiais e formais que se establecesen.
- c) Que o proxecto, a acción, conduta ou situación financiada teña por obxecto o fomento dunha actividade de utilidade pública ou interese social ou de promoción dunha finalidade pública.

2. Non están comprendidas como subvencións as contribucións monetarias entre diferentes Administracións públicas, para financiar globalmente a actividade da Administración á que vaian destinadas, e as que se realicen entre os distintos axentes dunha Administración cuns orzamentos que se integren nos Orzamentos Xerais da Administración á que pertencen, tanto se se destinan a financiar globalmente a súa actividade como á realización de actuacións concretas a desenvolver no marco das funcións que teña atribuídas, sempre que non resulten dunha convocatoria pública.

Tampouco estarán comprendidas como subvencións as contribucións monetarias que en concepto de cotas, tanto ordinarias como extraordinarias, realicen as entidades que integran a Administración local a favor das asociacións a que se refire a disposición adicional quinta da *Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local*.

Non teñen carácter de subvencións os seguintes supostos:

- a) As prestacións contributivas e non contributivas do Sistema da Seguridade Social.
- b) As pensións asistenciais por anciandade a favor dos españois non residentes en España, nos termos establecidos na súa normativa reguladora.
- c) Tamén quedarán excluídas, na medida en que resulten asimilables ó réxime de prestacións non contributivas do Sistema de Seguridade Social, as prestacións asistenciais e os subsidios económicos a favor de españois non residentes en España, así como as prestacións a favor dos afectados polo virus de inmunodeficiencia humana e dos minusválidos.
- d) As prestacións a favor dos afectados polo síndrome tóxico e as axudas sociais ás persoas con hemofilia ou outras coagulopatías conxénitas que desenvolvesen a hepatitis C reguladas na *Lei 14/2002, de 5 de xuño*.



Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concellodelousame.com
concellodelousame@concellodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c

- e) As prestacións derivadas do sistema de clases pasivas do Estado, pensións de guerra e outras pensións e prestacións por razón de actos de terrorismo.
- f) As prestacións recoñecidas polo Fondo de Garantía Salarial.
- g) Os beneficios fiscais e beneficios na cotización á Seguridade Social.
- h) O crédito oficial, salvo nos supostos en que a Administración pública subvencione ó prestatario a totalidade ou parte dos intereses ou outras contraprestacións da operación de crédito.

3. As subvencións outorgadas polo Concello de Lousame rexeranse pola normativa seguinte:

- Pola Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións.
- Polo Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei Xeral de Subvencións.
- Pola Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
- Polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
- Pola Ordenanza Reguladora da concesión de subvencións polo Concello de Lousame.

4. En virtude do artigo 22 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, e do artigo 19 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, os procedementos para levar a cabo a concesión de subvencións son:

- Procedemento de concorrência competitiva.
- Procedemento de concesión directa.
- Outros procedementos de concesión.

BASE 32. Procedemento de concorrência competitiva.

1. A normativa que rexe con carácter básico o procedemento de concorrência competitiva de concesión de subvencións son os artigos 23 a 27 da *Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións*, os artigos 19 e 20 a 25 da *Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia*, os artigos 58 a 64 do *Regulamento 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei Xeral de Subvencións*, os artigos 29 a 35 do *Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia* e o *DECRETO 193/2011, do 6 de outubro, polo que se regulan especialidades nas subvencións ás entidades locais galegas*.

2. A resolución que aprobe a convocatoria de subvencións mediante o procedemento de concorrência competitiva deberá fixar os criterios obxectivos do seu outorgamento que serán elixidos polo Concello.

3. O procedemento para a concesión de subvencións iníciase sempre de oficio.

A iniciación de oficio realizarase sempre mediante convocatoria que terá, conforme ó artigo 20.2 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, o seguinte contido:



Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concellodelousame.com
concellodelousame@concellodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c

- a) Indicación da disposición que estableza, no seu caso, as bases reguladoras e do *diario oficial* en que está publicada, salvo que en atención á súa especificidade estas se inclúan na propia convocatoria.
- b) Créditos orzamentarios ós que se imputa a subvención e contía total máxima das subvencións convocadas dentro dos créditos dispoñibles ou, no seu defecto, contía estimada das subvencións.
- c) Obxecto, condicións e finalidade da concesión da subvención.
- d) Expresión de que a concesión se efectúa mediante un réxime de concorrència competitiva.
- e) Requisitos para solicitar a subvención e forma de acreditarlos.
- f) Indicación dos órganos competentes para a instrución e resolución do procedemento.
- g) Prazo de presentación de solicitudes, ás que serán de aplicación as previsións contidas no apartado 3 deste artigo.
- h) Prazo de resolución e notificación.
- i) Documentos e informacións que deben acompañarse á petición.
- j) No seu caso, posibilidade de reformulación de solicitudes de conformidade co disposto no artigo 27 desta lei.
- k) Indicación de se a resolución pon fin á vía administrativa e, en caso contrario, órgano ante o que ha de interpoñerse recurso de alzada.
 - l) Criterios de valoración das solicitudes. Avaliarase, en todo caso, o emprego da lingua galega na realización de actividades ou condutas para as que se solicita a axuda.
 - m) Prazo de xustificación da subvención.
- n) Medio de notificación ou publicación, de conformidade co previsto no artigo 59 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común.

4. O procedemento tramitarase en réxime de concorrència competitiva mediante a comparación das solicitudes presentadas, co fin de establecer unha prelación entre as mesmas de acordo cos criterios de valoración previamente fixados nas bases reguladoras e na convocatoria e adxudicarse, co límite fixado na convocatoria dentro do crédito dispoñible, a aquelas que obtivesen maior valoración en aplicación dos citados criterios.

BASE 33. Procedemento de concesión directa.

1. A normativa que rexe o procedemento de concesión directa de subvencións ven determinada polos artigos 28 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, os artigos 19 e 27 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia e os Regulamentos que as desenvolven.

Poderán concederse de forma directa as seguintes subvencións:

- a) As previstas nominativamente no Orzamento nos termos recollidos nos convenios e na normativa reguladora destas subvencións.



Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concellodelousame.com
concellodelousame@concellodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c

- b) Aquelas cuxo outorgamento ou contía veñan impostos á administración por unha norma de rango legal, que seguirán o procedemento de concesión que lles resulte de aplicación de acordo coa súa propia normativa.
- c) Con carácter excepcional, aquelas outras subvencións en que se acrediten razóns de interese público, social, económico ou humanitario, ou outras debidamente xustificadas que dificulten a súa convocatoria pública.

2. Os procedementos de concesión directa son basicamente dous: por un lado a concesión directa mediante Acordos ou Convenios e, por outro lado, a concesión de subvencións consignadas nominativamente nos orzamentos.

3. Conforme ó artigo 65 do *Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei Xeral de Subvencións* e o artigo 35 do *Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia*, son subvencións previstas nominativamente nos Orzamentos Xerais das Entidades Locais, aquelas cuxo obxecto, dotación orzamentaria e beneficiario aparecen determinados expresamente no estado de gastos do orzamento.

4. Será de aplicación a ditas subvencións, en defecto de normativa municipal específica que regule a súa concesión, o previsto na *Lei Xeral de Subvencións*, na *Lei de Subvencións de Galicia* e nos Regulamentos que desenvolven as ditas Leis, salvo no que nunhas e outros afecte á aplicación dos principios de publicidade e concorrência.

5. O procedemento para a concesión destas subvencións iniciárase de oficio polo centro xestor do crédito orzamentario ó que se imputa a subvención, ou a instancia do interesado, e terminará coa resolución de concesión ou o convenio. No expediente acreditaranse as razóns de interese público, urxencia ou excepcionalidade que motivan a concesión.

O Acordo de concesión ou o Convenio terá o carácter de bases reguladoras da concesión ós efectos do disposto na *Lei Xeral de Subvencións* e *Lei de subvencións de Galicia*.

A resolución ou, no seu caso, o convenio deberá incluír os seguintes extremos:

- a. Determinación do obxecto da subvención e dos seus beneficiarios, de acordo coa asignación orzamentaria.
- b. Crédito orzamentario ó que se imputa o gasto e contía da subvención, individualizada, no seu caso, para cada beneficiario se fosen varios.
- c. Compatibilidade ou incompatibilidade con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calquera Administracións ou entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.
- d. Prazos e modos de pago da subvención, posibilidade de efectuar pagos anticipados e abonos a conta, así como o réxime de garantías que, no seu caso, deberán aportar os beneficiarios.
- e. Prazo e forma de xustificación por parte do beneficiario do cumprimento da finalidade para a que se concede a subvención e da aplicación dos fondos percibidos.



Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concellodelousame.com
concellodelousame@concellodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c

6. As subvencións nominativas recollidas no Orzamento para o exercicio de 2017, que pola súa natureza non serán obxecto de concorrência responden ó seguinte detalle:

Aplicación Orzamentaria	Beneficiario.	Obxecto e finalidade	CIF	Importe/€
135.480.00	Agrupación Municipal de Voluntarios de Protección Civil de Lousame	Gastos de funcionamento 2017	G15652563	6.000,00
334.480.00	Asociación Sociocultural Prudencio Romo	Gastos de funcionamento 2017	G70055983	2.500,00

BASE 34. Outros procedementos de concesión e normas específicas para determinadas subvencións.

1. O Concello poderá determinar mediante a modificación destas bases outro procedemento para proceder á concesión das subvencións.

2. Normas específicas para a concesión de subvencións mediante concorrência a Asociacións, Clubs e Agrupacións sen Ánimo de Lucro constituídas no Concello: Deberán estar dadas de alta no Rexistro de Asociacións do Concello a 31 de decembro do ano anterior.

3. Normas específicas para a concesión de subvencións para festexos populares pola dificultade da súa convocatoria pública:

— O importe previsto no Orzamento para axudas do Concello á celebración de festexos populares nas distintas parroquias e lugares do termo municipal é o que se indica a seguir:

Aplicación orzamentaria	Finalidade	Importe
338.480.00	Festas populares e festexos. Subvencións Festexos Populares	3.600,00

— O importe que se concederá para cada un deses festexos calcularase a razón de 150 € por día de festa con orquestra.

— A súa concesión acordarase mediante Resolución da Alcaldía, na que figurarán as condicións e prazos de xustificación da actividade e do pagamento.

BASE 35. Pago das subvencións.

As subvencións concedidas serán pagadas unha vez sexa xustificado o gasto realizado, obxecto da subvención, cos documentos necesarios.



Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concellodelousame.com
concellodelousame@concellodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c

000100

Non obstante, a Alcaldía ou o concelleiro/a delegado/a, dentro das súas competencias, e mediante Decreto, poderán resolver un anticipo da subvención concedida de ata un 50% do importe total.

A concesión de calquera tipo de subvención requirirá a formación de expediente no que conste o destino dos fondos e os requisitos necesarios que han de cumprirse para que poida procederse ó pago.

Cumpridas as condicións estipuladas no acto administrativo de concesión, no momento establecido nas normas de cada subvención ou nas presentes Bases de Execución, procederase ó seu recoñecemento e posterior pago.

O Concello de Lousame poderá efectuar en calquera momento, as comprobacións que sexan necesarias para asegurar o cumprimento da finalidade da subvención.

Cando o beneficiario sexa debedor con motivo dunha débeda vencida e líquida, a Alcaldía poderá acordar a compensación mediante o procedemento establecido legalmente.

BASE 36. Dos pagos a xustificar.

1. Terán o carácter de «a xustificar» as ordes de pago cuxos documentos xustificativos non se poidan acompañar no momento da súa expedición (artigo 69.1 do Real Decreto 500/1990).

Soamente poderán efectuarse «pagos a xustificar», nos seguintes casos:

- Que o importe a xustificar non supere a cantidade de novecentos euros (900,00 €).
- Que non sexan destinados a “Operacións de Capital”.
- Que o perceptor non teña pendente de xustificar cantidade ningunha polo mesmo concepto.
- Que non se destinen a atender gastos de modalidade periódica, os cales terían a consideración de “anticipos de caixa fixa”.

Os perceptores das ordes de pago a xustificar quedarán obrigados a xustificar a aplicación de cantidades percibidas no prazo máximo de tres meses e quedarán, tamén, suxeitos ó réxime de responsabilidades que establece a normativa vixente.

As contas acreditativas do destino de fondos deberanse render polos preceptores ante a Intervención, acompañadas das facturas ou documentos equivalentes acreditativos dos pagos.

En ningún caso poderán expedirse novas ordes de pago a xustificar, polos mesmos conceptos orzamentarios, a preceptores que tivesen aínda no seu poder fondos pendentes de xustificación.

2. A Alcaldía é o órgano competente para aprobar, mediante Decreto, o libramento das ordes de pago a xustificar, e no mesmo determinárase tanto o límite cuantitativo, como a aplicación ou aplicacións orzamentarias contra as que se poderán efectuar os pagos.



Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concellodelousame.com
concellodelousame@concellodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c

A aprobación poderá realizarse ben de forma individualizada, ben mediante a inclusión da orde de pago nun Decreto ordinario de recoñecemento de obrigacións.

Os libramentos expedidos co carácter de «a xustificar», deberán estenderse a favor da persoa física designada ó efecto, quedando, por tanto, a xestión e posterior rendición de contas xustificativas a cargo da mesma.

Unha vez aprobado e fiscalizado o expediente de gasto, a Intervención expedirá un documento ADO contra a aplicación correspondente.

3. A Intervención municipal fiscalizará a inversión dos fondos examinando as contas e documentos que as xustifiquen, podendo utilizar procedementos de auditoría ou mostraxe.

A continuación, se fosen conformes, procederase á aprobación das mesmas pola Presidencia.

En caso de ser desconformes as contas xustificativas cos documentos presentados, a Intervención emitirá informe no que poñerá de manifesto os defectos ou anomalías observadas ou a súa desconformidade coa conta.

Dito Informe, xunto coa conta, será remitido ó interesado para que nun prazo de dez días realice as alegacións que estime oportunas e, no seu caso, emende as anomalías, deixando constancia diso na conta. Destas actuacións darase conta ó alcalde – presidente.

Se a xuízo da Intervención municipal os defectos ou anomalías no foran emendados, a emenda fose insuficiente ou non se recibise comunicación algunha no prazo sinalado no parágrafo anterior, o poñerá en coñecemento do alcalde – presidente, co fin de que se adopten as medidas legais para salvagardar os dereitos da Facenda municipal, propoñendo, no seu caso, o reintegro das cantidades correspondentes.

A Intervención, por se ou por medio de funcionarios que ó efecto designen, poderán realizar en calquera momento as comprobacións que estimen oportunas.

BASE 37. Dos anticipos de caixa fixa.

1. Con carácter de anticipos de caixa fixa, poderanse efectuar provisións de fondos, a favor dos habilitados, para atender as atencións correntes de carácter periódico ou repetitivo, tales como dietas, gastos de locomoción, material de oficina non inventariable, conservación e outros de similares características, podendo librarse para atender todo tipo de gastos menores de carácter urxente do Capítulo II do Estado de Gastos do Orzamento e os gastos do Capítulo I que se correspondan coa formación do persoal, e, en ningún caso procede o pagamento de subvencións con cargo a este anticipo.

2. Os preceptores destes fondos quedarán obrigados a xustificar a aplicación das cantidades percibidas ó longo do exercicio orzamentario en que se constituíu o anticipo.



Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concellodelousame.com
concellodelousame@concellodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c

O alcalde – presidente do Concello é o órgano competente para aprobar, mediante Decreto, previo informe de Intervención, o libramento das ordes de pago en concepto de «anticipos de caixa fixa», e no mesmo determinárase tanto o límite cuantitativo, a aplicación ou aplicacións orzamentarias, así como a persoa habilitada ó efecto.

A fin de garantir a súa posterior aplicación orzamentaria, a expedición de «anticipos de caixa fixa» dará lugar á correspondente retención de crédito na aplicación o aplicacións incluídas na habilitación.

3. O importe dos mandamentos de pagos non orzamentarios que se expidan abonarase por transferencia ás contas correntes que os habilitados pagadores terán abertas nunha entidade bancaria dentro da agrupación «Concello de Lousame, anticipos de caixa fixa. Área de _____».

As disposicións de fondos das contas a que se refire o parágrafo anterior efectuaranse, mediante cheques nominativos ou transferencias bancarias, autorizados coa sinatura do habilitado pagador.

Non obstante, o preceptuado no apartado anterior, autorízase a existencia en poder dos habilitados de cantidades razoables en efectivo, que en ningún caso poderán superar os 300 euros, destinadas ó pago de atencións de menor contía. Da custodia destes fondos será directamente responsable o habilitado.

As obrigacións adquiridas consideraranse satisfeitas desde o momento que o perceptor entregue o documento xustificativo ou desde a data en que se efectúase a transferencia á Entidade e conta indicada polo perceptor.

4. Os gastos que se poden atender mediante anticipo sos previstos no apartado 6 desta Base por importe de ata 600 euros.

A efectos de aplicación deste límite, non poderán acumularse nun só xustificante pagos que se deriven de diversos gastos, nin fraccionarse un único gasto en varios pagos.

5. Os habilitados pagadores levarán contabilidade auxiliar de todas as operacións que realicen, relativas a anticipos de caixa fixa percibidos, cuxa finalidade é a de controlar a situación que en cada momento presente as ordes de pago libradas por este concepto.

Son funcións dos habilitados pagadores:

- Contabilizar as operacións de pago realizadas.
- Efectuar os pagos.
- Verificar que os comprobantes facilitados para a xustificación dos gastos sexan documentos auténticos, orixinais e cumpren todos os requisitos necesarios.



Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concellodelousame.com
concellodelousame@concellodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c

- Identificar a personalidade dos perceptores mediante a documentación procedente en cada caso.
- Custodiar os fondos que se lle confiasen.
- Render as contas.

Os habilitados que reciban anticipos de caixa fixa, renderán contas polos gastos atendidos cos mesmos, a medida que as súas necesidades de Tesourería aconsellen a reposición dos fondos utilizados, os cales deberán ser xustificados na forma que se indique polo Pleno do Concello.

As indicadas contas irán acompañadas das facturas e demais documentos orixinais que xustifiquen a aplicación dos fondos, debidamente relacionados.

Os fondos non invertidos que, en fin de exercicio, se atopen en poder dos respectivos caixeiros, pagadores ou habilitados, utilizaranse por estes, no novo exercicio, para as atencións para as que se concedeu o anticipo.

En calquera caso, os perceptores destes fondos quedarán obrigados a xustificar a aplicación dos percibidos ó longo do exercicio orzamentario en que se constituíu o anticipo, polo que, ó menos, no mes de decembro de cada ano, haberán de render as contas a que se refire o apartado 1 desta Base.

De acordo coas cantidades xustificadas nas contas a que se refiren os apartados anteriores expediranse os correspondentes documentos contables de execución do Orzamento de gastos que procedan.

6. A Intervención fiscalizará a inversión dos fondos examinando as contas e documentos que as xustifiquen, podendo utilizar procedementos de auditoría ou mostraxe.

A continuación, se fosen conformes, procederase á aprobación das mesmas pola Alcaldía e no mesmo acto poderase ordenar a reposición de fondos.

En caso de ser desconformes as contas xustificativas cos documentos presentados, a Intervención emitirá informe no que poñerá de manifesto os defectos ou anomalías observadas ou a súa desconformidade coa conta.

Dito informe, xunto coa conta, será remitido ó interesado para que nun prazo de quince días realice as alegacións que estime oportunas e, no seu caso, emende as anomalías, deixando constancia diso na conta. Destas actuacións darase conta ó alcalde – presidente.

Se a xuízo da Intervención os defectos ou anomalías non fosen emendados, a emenda fose insuficiente ou non se recibise comunicación algunha no prazo sinalado no parágrafo anterior, porao en coñecemento da Alcaldía do Concello co fin de que se adopten as medidas legais para salvagardar os dereitos da Facenda Municipal, propoñendo, no seu caso, o reintegro das cantidades correspondentes.



Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concellodelousame.com
concellodelousame@concellodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c

000102

A Intervención, por si ou por medio de funcionarios que ó efecto designe, poderán realizar en calquera momento as comprobacións que estimen oportunas.

BASE 38. Dos contratos menores.

1. A execución de gastos mediante contrato menor respectará en todo caso os límites máximos, cuantitativos e cualitativos, establecidos na lexislación vixente, e especialmente no *RDL 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público*.

2. Os contratos menores definiranse exclusivamente pola súa contía de conformidade co artigo 138.3 do *RDL 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público* e poderán adxudicarse directamente a calquera empresario **con capacidade de obrar** e que conte coa **habilitación profesional necesaria** para realizar a prestación, cumprindo coas normas establecidas no artigo 111.

Considéranse contratos menores os contratos de importe inferior a 50.000 euros, cando se trate de contratos de obras, ou a 18.000 euros, cando se trate doutros contratos, sen prexuízo do disposto no artigo 206 en relación coas obras, servizos e subministracións centralizadas no ámbito estatal.

Estes contratos non poderán ter unha duración superior a un ano, nin ser obxecto de prórroga nin de revisión de prezos.

3. A tramitación do expediente do contrato menor axustarase ó seguinte procedemento:

- A tramitación do expediente só esixirá a aprobación do gasto e a incorporación ó mesmo da factura correspondente, que reúna os requisitos regulamentariamente establecidos e no contrato menor de obras, ademais, o orzamento das obras, sen prexuízo da existencia de Proxecto cando normas específicas así o requiran.
- Aprobación do gasto e Recoñecemento da obrigación: Realizarase mediante achega da factura, que unha vez presentada no Rexistro Xeral do Concello e rexistrada no Rexistro de Facturas, entregárase ó correspondente servizo municipal para que se proceda a verificala e conformala, facendo constar o recibido e conforme do persoal responsable do servizo ou do alcalde – presidente ou concelleiro delegado.
- Realizado este trámite, a factura será remitida á Intervención Xeral para a súa fiscalización, contabilización e posterior aprobación pola Alcaldía, mediante Decreto.

4. O procedemento indicado no punto anterior poderá ser complementado, cando así o acorde o órgano de contratación, mediante calquera dos trámites que se indican a seguir ou os establecidos no *texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público* ou lexislación xeral sobre subvencións:

- Providencia da Alcaldía de inicio do expediente na que se fará referencia ó obxecto do mesmo.



Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concellodelousame.com
concellodelousame@concellodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c

- Solicitude de ofertas, polo menos, a tres empresas capacitadas para a realización do obxecto do contrato, sempre que iso sexa posible.
- Certificado de Intervención de existencia de crédito orzamentario adecuado e suficiente (Documento contable RC).
- Aprobación do expediente, mediante acordo do órgano de contratación, notificándose ó provedor adxudicatario do servizo, subministración ou obra.
- Formalización do contrato en documento administrativo.
- Recoñecemento da obrigación: Realizarase mediante achega da factura, que unha vez presentada no Rexistro Xeral do Concello, entregárase ó correspondente servizo municipal para que se proceda a verificala e conformala, facendo constar o recibido e conforme do persoal responsable, e do alcalde – presidente ou concelleiro delegado.
- Realizado este trámite, a factura será remitida a Intervención Xeral para a súa fiscalización, contabilización e posterior aprobación pola Alcaldía – presidente, mediante Decreto.

5. Queda prohibido todo fraccionamento do gasto que teña por obxecto eludir os trámites e contías regulados na presente Sección.

BASE 39. Dos gastos de carácter plurianual.

1. Son gastos de carácter plurianual aqueles que estenden os seus efectos económicos a exercicios posteriores a aquel en que se autoricen e comprometan.

2. A autorización e o compromiso dos gastos de carácter plurianual subordinaranse ó crédito que para cada exercicio se consigne nos respectivos Orzamentos (artigo 174.1 do *Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais aprobado por Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo*, e artigo 79.2 do *Real Decreto 500/ 1990, do 20 de abril*).

3. Poderán adquirirse compromisos de gastos con carácter plurianual sempre que a súa execución se inicie no propio exercicio e que, ademais, se atopen nalgún dos casos recollidos no artigo 174.2 do *Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais*. Estes casos son os seguintes:

- a) *Investimentos e transferencias de capital.*
- b) *Os demais contratos e os de subministración, de consultoría, de asistencia técnica e científica, de prestación de servizos, de execución de obras de mantemento e de arrendamento de equipos non habituais das entidades locais, sometidos ás normas do Texto Refundido da lei de Contratos das Administracións Públicas aprobado por Real Decreto 2/2000, de 16 de xuño (actualmente RDL 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público), que non poidan ser estipulados ou resulten antieconómicos por un ano.*
- c) *Arrendamentos de bens inmoables.*
- d) *Cargas financeiras das débedas da entidade local e dos seus organismos autónomos.*
- e) *Transferencias correntes que se deriven de convenios subscritos polas corporacións locais con outras entidades públicas ou privadas sen ánimo de lucro.*



Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concellodelousame.com
concellodelousame@concellodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c

003103

4. O Pleno poderá aprobar gastos plurianuais que deban de executarse en períodos superiores a catro anos ou cunhas anualidades que excedan das contías establecidas na lexislación vixente.

5. Corresponde á Alcaldía ou á Xunta de Goberno Local (por delegación da Alcaldía) a autorización e disposición dos gastos plurianuais, cando a contía do gasto non sexa superior ó 10% dos recursos ordinarios do Orzamento, nin en calquera caso a seis millóns de euros, e a súa duración non sexa superior a catro anos, sempre que o importe acumulado de todas as súas anualidades non supere a porcentaxe indicada, referida ós recursos ordinarios do Orzamento do primeiro exercicio, nin a contía sinalada.

6. Corresponde ó Pleno da Corporación a autorización e disposición dos gastos plurianuais nos demais casos.

BASE 40. Achegas ós grupos políticos municipais

1. De conformidade co previsto na *Lei 5/1997, do 22 de xullo, de administración local de Galicia* e artigo 73.3 da *Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local*, ós Grupos Políticos Municipais, legalmente constituídos, e para o funcionamento dos mesmos, correspóndelles as seguintes asignacións económicas mensuais:

- 30 euros por Grupo político municipal.
- 40 euros por Concelleiro integrante do Grupo.

2. Esta subvención pagarase, previa solicitude, semestralmente ou anualmente.

3. Os Grupos políticos deberán levar unha contabilidade específica da dotación a que se refire o apartado anterior, que porá a disposición do Pleno da Corporación sempre que este o pida.

BASE 41. Indemnizacións por razón do servizo.

1. **Locomoción:** Os gastos de locomoción que se produzan como consecuencia de desprazamentos por comisión de servizos e xestións oficiais, ordenados pola Alcaldía, Pleno ou Xunta de Goberno Local, aboaranse previa presentación dos seus xustificantes. Se se utiliza vehículo propio, presentarase conta – declaración, especificando o motivo da viaxe ou xestión, e aboarase a razón de 0,19 €/km., máis aparcamento e peaxe de autoestrada, debidamente xustificado, se é o caso.

2. **Dietas:** O Presidente e resto de membros da Corporación, por traslado fóra do termo municipal en xestións oficiais, terán dereito ás seguintes dietas:

- Por manutención:
 - Comida: 53,00 euros.
 - Cea: 30,00 euros.
- Por aloxamento: 60,00 euros.



Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concellodelousame.com
concellodelousame@concellodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c

Agás nos importes establecidos estas dietas rexeranse no tocante o seu funcionamento e xustificación polas normas establecidas ou que se establezan, para o persoal funcionario e laboral do Concello.

As dietas relativas a funcionarios, persoal laboral e resto do persoal contratado, rexeranse polas normas establecidas ou que se establezan, para os funcionarios do Estado, aplicables segundo dispón o artigo 157 do *RDL 781/1986, do 18 de abril*. Sen prexuízo das modificacións que con carácter xeral poidan ser dadas, a percepción de indemnizacións por razón do servizo axustarase ó establecido no *Real Decreto 462/2002, de 24 de maio, sobre indemnizacións por razón do servizo*.

3. Indemnizacións:

3.1. No referente ás indemnizacións por asistencia a sesións, os membros da Corporación que non teñan recoñecida dedicación exclusiva ou parcial, percibirán as seguintes indemnizacións por asistencia a sesións:

- Por asistencia a Plenos: 75,00 €.
- Por asistencia a Xuntas de Goberno Local : 75,00 €.
- Por asistencia a Comisións Informativas e outras Comisións: 75,00 €.
- Por asistencia a Xuntas de Concelleiros Delegados: 75,00 €.

Xustificaranse mediante certificación de Secretaría ou copia das actas das correspondentes sesións.

3.2. Por asistencia a Mesas de Contratación os membros da Corporación que non teñan recoñecida dedicación exclusiva ou parcial, percibirán as seguintes indemnizacións :

- Presidente: 75,00 €.
- Vogais: 75,00 €.

Xustificaranse mediante certificación de Secretaría ou copia da acta ou actas.

4. Límites máximos a percibir polos membros do Equipo de Goberno como dereitos económicos por dietas ocasionadas por xestións efectivamente realizadas fóra do Concello e por asistencias a sesións:

- Dous membros: Un máximo 932,00 €/mes cada un.
- Resto de membros do Equipo de Goberno: Un máximo de 311,00 €/mes cada un.

A tal efecto deberase xustificar documentalmente a realización das xestións, percibindo retribucións polas efectivamente realizadas.

5. Dedicacións parciais e exclusivas: O Pleno corporativo, a proposta do presidente, determinará, dentro da consignación global contida a tal fin no Orzamento, a relación de cargos da



Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concellodelousame.com
concellodelousame@concellodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c

000104

corporación que poderán desempeñarse en réxime de dedicación exclusiva ou parcial e, polo tanto, con dereito a retribución, así como as contías que corresponden a cada un deles en atención ó seu grao de responsabilidade.

TÍTULO III. DOS INGRESOS

BASE 42. A Tesourería Municipal.

1. Constitúe a Tesourería Municipal o conxunto de recursos financeiros, sexa diñeiro, valores ou créditos do Concello, tanto por operacións orzamentarias como non orzamentarias.
2. A Tesourería Municipal rexerase polo principio de caixa única e polo disposto nos artigos 194 a 199 do *Texto Refundido da Lei Reguladora de Facendas Locais aprobado por Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo*, e en canto lle sexa de aplicación, polas normas do Título V da *Lei Xeral Orzamentaria*.
3. As funcións da Tesourería serán as determinadas no artigo 5 do *Real Decreto 1174/1987, de 18 de setembro*, e no artigo 196 do *Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se Aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais*.
4. A xestión dos fondos garantirá, en todo caso, a obtención da máxima rendibilidade, asegurando sempre a inmediata liquidez para o cumprimento das obrigacións nos seus respectivos vencementos temporais.
5. Poderanse concertar os servizos financeiros con entidades de crédito e aforro, conforme ao artigo 197 do *Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais*, mediante a apertura dos seguintes tipos de contas:
 - a) Contas operativas de ingresos e gastos.
 - b) Contas restrinxidas de recadación.
 - c) Contas restrinxidas de pagos.
 - d) Contas financeiras de colocación de excedentes de Tesouraría.

BASE 43. Xestión dos ingresos.

1. A xestión dos orzamentos de ingresos do Concello poderá realizarse nas seguintes fases:
 - a) Compromiso de ingreso.
 - b) Recoñecemento do dereito.
 - c) Extinción do dereito por anulación do mesmo ou por realización do cobro do mesmo ou por compensación.
 - d) Devolución de ingresos.



Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concellodelousame.com
concellodelousame@concellodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c

2. O compromiso de ingreso é o compromiso polo que calquera persoa, entidade, etc, se obriga co Concello a financiar total ou parcialmente un gasto determinado.
3. O recoñecemento de dereitos defínese como o acto polo cal se declaran líquidos e esixibles uns dereitos de cobro a favor da Entidade Local.
4. Extinguirase o dereito a cobro cando, en virtude de acordos administrativos, proceda cancelar total ou parcialmente un dereito xa recoñecido como consecuencia de:
 - a) Anulación de liquidacións.
 - b) Insolvencias ou outras causas.
5. O dereito de cobro tamén se extinguirá cando se realice o ingreso ou por compensación cos pagos existentes no Concello a favor do debedor, todo elo a proposta do tesoureiro e en virtude da normativa vixente.
6. En canto á devolución de ingresos estes terán por finalidade o reembolso ós interesados das cantidades ingresadas indebidamente ou por exceso.

BASE 44. Recoñecemento de dereitos.

1. Procederá o recoñecemento de dereitos tan pronto como se coñeza a existencia do acto ou feito de natureza xurídica ou económica xerador do dereito a favor do Concello, calquera que fora a súa orixe.
2. Cando se trate de subvencións ou transferencias a recibir doutras administracións, entidades ou particulares, afectadas á realización de determinados gastos, deberase contabilizar:
 - a) O compromiso de achega, que necesariamente deberá rexistrarse se ha de producir unha xeración de crédito, unha vez que se teña coñecemento auténtico do mesmo.
 - b) O recoñecemento do dereito cando se produza o cobro, ou cando se coñeza, de forma certa e por un importe exacto, que o ente concedente ditou o acto de recoñecemento da correlativa obrigación.
3. Nos préstamos e empréstitos rexistrarase o compromiso de ingreso cando se formalice a operación e, a medida que se recoñezan as obrigacións que se financien cos referidos fondos, contabilizarase o recoñecemento de dereitos e remitirase á tesourería para a súa disposición.
4. Nos ingresos derivados da participación en tributos do Estado recoñecerase o dereito correspondente a cada entrega a conta cando teña lugar o cobro.
5. A xestión e recadación das taxas e prezos públicos rexeranse polas Ordenanzas aprobadas ó efecto.

BASE 45. Xestión de cobros.



Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concellodelousame.com
concellodelousame@concellodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c

000105

1. Os ingresos, en tanto non se coñeza a súa aplicación orzamentaria, contabilizaranse como ingresos pendentes de aplicación, integrándose desde o momento que se producen na caixa única.

O resto de ingresos, formalizaranse mediante mandamento de ingreso, aplicados ó concepto orzamentario correspondente e expedido no momento en que se teña coñecemento do seu cobro.

2. O Tesoureiro levará os libros contables e de rexistro, confeccionará a lista dos debedores polos distintos conceptos unha vez finalizado o prazo de recadación en período voluntario, e procederá á súa exacción por vía de prema.

As débedas de calquera clase vindicarán os xuros de demora que legalmente correspondan.

3. En materia de anulación, suspensión e aprazamento e fraccionamento de pagos será de aplicación a normativa contida no Texto Refundido da Lei Reguladora de Facendas Locais, a Lei Xeral Tributaria, Regulamento Xeral de Recadación, Lei Xeral Orzamentaria, e as disposicións que desenvolvan a ditas normas.

BASE 46. Das operacións de crédito a longo prazo.

De conformidade co disposto no artigo 52 do *Texto Refundido da Lei Reguladora de Facendas Locais aprobado por Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo*, en relación co artigo 4.1.I) do *RDL 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público* regúlase na presente Base de execución as condicións mínimas que rexerán as operacións de crédito previstas no Capítulo IX do Estado de Ingresos do orzamento municipal.

O alcalde do Concello poderá concertar as operacións de crédito a longo prazo previstas no orzamento, cun importe acumulado, que dentro de cada exercicio económico, non supere o 10% dos recursos de carácter ordinario previstos en dito orzamento. Unha vez superado dito límite a aprobación corresponderá ó Pleno do Concello.

BASE 47. Das operacións de tesourería.

1. Durante o exercicio 2017 o Concello poderá concertar Operacións de Tesourería por prazo non superior a un ano con calquera Entidade financeira, para atender as súas necesidades transitorias de Tesourería, sempre que no seu conxunto non superen o 30% dos ingresos liquidados por operacións correntes no exercicio anterior, salvo que a operación deba de realizarse no primeiro semestre do ano sen que se producise a liquidación do orzamento de tal exercicio, neste caso tomarase en consideración a liquidación do exercicio anterior a este último.

A previsión de concertación de este tipo de operacións para o exercicio 2017 ascende a 200.000,00 €



Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concellodelousame.com
concellodelousame@concellodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c

2. A concertación de toda clase de Operacións de Tesourería deberá ser informada pola Intervención municipal. Neste informe analizarase a capacidade do Concello para facer fronte, no tempo, ás obrigacións que de aquela se deriven para a mesma.

3. A competencia para a concertación de Operacións de Tesourería corresponderá á Alcaldía – Presidencia ou ó Pleno da Corporación, de acordo coa lexislación vixente.

BASE 48. Sobre o plan de disposición de fondos.

Corresponde á Tesourería elaborar o Plan trimestral de disposición de fondos, que será aprobado pola Alcaldía.

O Plan trimestral de disposición de fondos considerará aqueles factores que faciliten unha eficiente e eficaz xestión da Tesourería municipal e recollerá necesariamente a prioridade dos gastos referentes á débeda, os de persoal e das obrigacións contraídas en exercicios anteriores.

A xestión dos recursos líquidos levarase a cabo con criterios de obtención da máxima rendibilidade, asegurando en todo caso a inmediata liquidez para o cumprimento das obrigacións nos seus vencementos temporais.

TÍTULO IV. DA LIQUIDACIÓN DO ORZAMENTO

BASE 49. Da Liquidación do Orzamento.

Ó peche e liquidación do orzamento do Concello efectuarase, en canto á recadación de dereitos e ó pago das obrigacións, o 31 de decembro do ano natural, quedando a cargo da Tesourería receptiva os dereitos liquidados pendentes de cobro, e as obrigacións recoñecidas pendentes de pago.

Os créditos para gastos que o último día do exercicio orzamentario non estean afectados ó cumprimento de obrigacións xa recoñecidas quedarán anulados de pleno dereito, sen máis excepcións que as sinaladas no artigo 182 do Texto Refundido da Lei Reguladora de Facendas Locais aprobado por Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo.

Os dereitos liquidados pendentes de cobro e as obrigacións recoñecidas pendentes de pago a 31 de decembro, quedarán a cargo da Tesourería da Entidade local.

No caso de que a liquidación orzamentaria sitúese en superávit, este destinarase a reducir o endebedamento neto (artigo 32 *Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira*).

BASE 50. Tramitación do expediente de Liquidación do Orzamento.



Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concellodelousame.com
concellodelousame@concellodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c

A liquidación do Orzamento municipal será aprobada pola Alcaldía, previo informe da Intervención, dando conta ó Pleno na primeira sesión ordinaria que teña lugar despois da aprobación.

No expediente tamén será necesario incluír Informe de Intervención de Avaliación do Cumprimento do Obxectivo de Estabilidade Orzamentaria, no que se informe sobre o cumprimento ou incumprimento do obxectivo de estabilidade orzamentaria da propia Entidade Local e dos seus organismos e entidades dependentes. O incumprimento do principio de estabilidade levará a elaboración dun Plan Económico-Financeiro de conformidade co disposto nos artigos 21 e 23 da *Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira*.

As obrigacións recoñecidas e liquidadas non satisfeitas o último día do exercicio, os dereitos pendentes de cobro e os fondos líquidos a 31 de decembro configurarán o remanente de tesourería da entidade local. A cuantificación do remanente de tesourería deberá realizarse tendo en conta os posibles ingresos afectados e minorando de acordo co que se estableza regulamentariamente os dereitos pendentes de cobro que se consideren de difícil ou imposible recadación.

A liquidación do Orzamento deberá confeccionase antes do día primeiro de marzo do exercicio seguinte.

BASE 51. Determinacións da Liquidación do Orzamento

1. Coa liquidación do orzamento deberanse determinar conforme ó artigo 93 do Real Decreto 500/1990, de 20 de abril, os seguintes aspectos:

- a) Os dereitos pendentes de cobro e as obrigacións pendentes de pago a 31 de decembro.
- b) O resultado orzamentario do exercicio.
- c) Os remanentes de crédito.
- d) O remanente de tesourería.

2. Os dereitos pendentes de cobro e as obrigacións recoñecidas pendentes de pago a 31 de decembro integrarán a agrupación de Orzamentos pechados e terán a consideración de operacións de Tesourería Local.

3. O resultado das operacións orzamentarias do exercicio virá determinado pola diferenza entre os dereitos orzamentarios liquidados durante o exercicio e as obrigacións orzamentarias recoñecidas durante o mesmo período.

Ós efectos do cálculo do resultado orzamentario os dereitos liquidados tomaranse polos seus valores netos, é dicir, dereitos liquidados durante o exercicio unha vez deducidos aqueles que, por calquera motivo, foran anulados.



Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concellodelousame.com
concellodelousame@concellodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c

Igualmente, as obrigacións recoñecidas tomaranse polos seus valores netos, é dicir, obrigacións recoñecidas durante o exercicio unha vez deducidas aquelas que, por calquera motivo, foran anuladas.

O resultado orzamentario deberá, no seu caso, axustarse en función das obrigacións financiadas con remanentes de Tesourería e das diferenzas de financiamento derivadas de gastos con financiamento afectada.

4. Os remanentes de crédito estarán constituídos polos saldos de créditos definitivos non afectados ó cumprimento de obrigacións recoñecidas.

Integrarán os remanentes de crédito os seguintes compoñentes:

- a) Os saldos de disposicións, é dicir, a diferenza entre os gastos dispostos ou comprometidos e as obrigacións referidas.
- b) Os saldos de autorizacións, é dicir, as diferenzas entre os gastos autorizados e os gastos comprometidos.
- c) Os saldos de crédito, é dicir, a suma dos créditos dispoñibles, créditos non dispoñibles e créditos retidos pendentes de utilizar.

Os remanentes de crédito sen máis excepcións que as sinaladas no Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, quedarán anulados ó peche do exercicio e, en consecuencia, non se poderán incorporar ó Orzamento do exercicio seguinte.

Os remanentes de créditos non anulados poderán incorporarse ó Orzamento do exercicio seguinte nos supostos establecidos no Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, e de acordo co previsto no artigo 48 do presente Real Decreto, mediante a oportuna modificación orzamentaria e previa incoación de expedientes específicos nos que debe xustificarse a existencia de suficientes recursos financeiros.

En ningún caso serán incorporables os créditos declarados non dispoñibles nin os remanentes de créditos incorporados no exercicio que se liquida, sen prexuízo da excepción prevista no número 5 do artigo 47 (artigo 99 do Real Decreto 500/1990, de 20 de abril).

Efectuarase un seguimento dos remanentes de crédito ós efectos de control dos expedientes de incorporación dos mesmos.

5. O remanente da Tesourería da Entidade Local estará integrado polos dereitos pendentes de cobro, as obrigacións pendentes de pago e os fondos líquidos, todos eles referidos a 31 de decembro do exercicio.

Os dereitos pendentes de cobro comprenderán:

- a) Dereitos orzamentarios liquidados durante o exercicio pendentes de cobro.



Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concellodelousame.com
concellodelousame@concellodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c

- b) Dereitos orzamentarios liquidados nos exercicios anteriores pendentes de cobro.
- c) Os saldos das contas de debedores non orzamentarios.

As obrigacións pendentes de pago comprenderán:

- a) As obrigacións orzamentarias pendentes de pago, recoñecidas durante o exercicio, estea ou non ordenado o seu pago.
- b) As obrigacións orzamentarias pendentes de pago, recoñecidas nos exercicios anteriores, estea ou non ordenado o seu pago.
- c) Os saldos das contas de acredores non orzamentarios.

BASE 52. Dos saldos de dubidoso cobro.

A efectos do cálculo de remanente de tesourería consideraranse dereitos pendentes de difícil ou imposible recadación, os seguintes (artigo 193 bis do TRLRFL):

- a) Os dereitos pendentes de cobro liquidados dentro dos orzamentos dos dous exercicios anteriores ó que corresponde a liquidación, minoraranse, como mínimo, nun 25%.
- b) Os dereitos pendentes de cobro liquidados dentro do orzamento do exercicio terceiro anterior ó que corresponde á liquidación, minoraranse, como mínimo, nun 50%.
- c) Os dereitos pendentes de cobro liquidados dentro dos orzamentos dos exercicios cuarto a quinto anteriores ó que corresponde a liquidación, minoraranse, como mínimo, nun 75%.
- d) Os dereitos pendentes de cobro liquidados dentro dos orzamentos dos restantes exercicios anteriores ó que corresponde a liquidación, minoraranse nun 100%.

En calquera caso, a consideración dun dereito de difícil ou imposible recadación non implicará a súa anulación nin producirá a súa baixa en contas.

BASE 53. Depuración de obrigas e dereitos recoñecidos.

1. As baixas que se produzan no exercicio, relativas a dereitos e obrigas de exercicios pechados tramitaranse de acordo coa súa normativa específica. Ás anulacións de liquidacións, insolvencias, prescrición e demais motivos de baixa de dereitos recoñecidos seranlles de aplicación os seguintes preceptos:

- Real Decreto Lexislativo 2/2004 do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais,
- Lei 58/2003 do 17 de decembro, Xeral Tributaria.
- Regulamento Xeral de Recadación aprobado por Real Decreto 939/2005 do 29 de xullo.

Cando sexa preciso modificar os saldos iniciais de dereitos pendentes de cobro e obrigas pendentes de pagamento, a causa de erros ou omisións na información contable e orzamentaria, co fin de garantir que a contabilidade reflicta a imaxe fiel da situación financeira e patrimonial do Concello e garantir a permanente concordancia entre a información contable e a derivada doutros



Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concellodelousame.com
concellodelousame@concellodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c

Servizos Municipais, tramitarase o oportuno expediente no que, logo de informe de Intervención, a aprobación definitiva da modificación ou modificacións que se propoñan lle corresponderá ó alcalde – presidente.

2. No presente exercicio, levarase a cabo a depuración de resultas de exercicios pechados que por prescrición, insolvencia, cambio de normativa, acordos plenarios ou ben outras causas legalmente fundadas deban causar baixa nas respectivas contas.

3. As acumulacións e baixas que procedan serán ditaminadas pola Comisión Informativa correspondente, expoñeranse ó público para reclamacións e serán aprobadas, se é do caso, polo Pleno.

TITULO V. A CONTA XERAL

BASE 54. Tramitación da Conta Xeral.

1. O Concello á terminación do exercicio orzamentario, deberá formar a Conta Xeral que poñerá de manifesto a xestión realizada nos aspectos económicos, financeiro, patrimonial e orzamentario.

2. Os estados e contas da entidade local serán rendidas polo seu presidente antes do día 15 de maio do exercicio seguinte ó que corresponda.

3. A conta xeral formada pola Intervención será sometida antes do día 1 de xuño a informe da Comisión Especial de Contas da entidade local, que estará constituída por membros dos distintos grupos políticos integrantes da corporación.

4. A conta xeral co informe da Comisión Especial a que se refire o apartado anterior será exposta ó público por prazo de 15 días, durante os cales e oito máis os interesados poderán presentar reclamacións, reparos ou observacións. Examinados estes pola Comisión Especial e practicadas por esta cantas comprobacións estime necesarias, emitirá novo informe.

5. Acompañada dos informes da Comisión Especial e das reclamacións e reparos formulados, a conta xeral someterase ó Pleno da corporación, para que, no seu caso, poida ser aprobada antes do día 1 de outubro.

6. A referida conta xeral debidamente aprobada, renderase ó Consello de Contas de Galicia e, no seu caso, ó Tribunal de Contas.

TÍTULO VI. CONTROL INTERNO.

BASE 55. Exercicio da función interventora.

No Concello, exerceranse as funcións de control interno na súa tripla acepción de función interventora, función de control financeiro e función de control de eficacia.



Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concellodelousame.com
concellodelousame@concellodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c

000108

O exercicio da función interventora levarase a cabo directamente pola Intervención.

O exercicio das funcións de control financeiro e control de eficacia desenvolverase baixo a dirección da Intervención do Concello, polos funcionarios que se sinalen, podendo auxiliarse de auditores externos.

Para o exercicio das súas funcións o órgano Intervención poderá requirir a documentación, aclaracións e informes que considere necesarios, en virtude do establecido no artigo 222 do Texto Refundido da Lei Reguladora de Facendas Locais aprobado por Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo.

BASE 56. Ámbito de aplicación.

A función interventora terá por obxecto fiscalizar todos os actos do Concello que dean lugar ó recoñecemento e liquidación de dereitos e obrigacións ou gastos de contido económico, os ingresos e pagos que de aqueles se deriven, e a recadación, inversión e aplicación, en xeral, dos caudais públicos administrados, co fin de que a xestión se axuste ás disposicións aplicables en cada caso.

O exercicio da expresada función comprenderá:

- A intervención crítica ou previa de todo acto, documento ou expediente susceptible de producir dereitos e obrigacións de contido económico ou movemento de fondos de valores.
- A intervención formal da ordenación do pago.
- A intervención material do pago.
- A intervención e comprobación material das inversións e da aplicación das subvencións.

BASE 57. Modalidades de fiscalización do expediente.

Se a Intervención considera que o expediente obxecto de fiscalización se axusta á legalidade, fará constar a súa conformidade, mediante dilixencia asinada do tenor literal «Fiscalizado de Conformidade», sen necesidade de motivala.

Se no exercicio da función interventora o órgano Intervención se manifestara en desacordo co fondo ou coa forma dos actos, documentos ou expedientes examinados, deberá formular os seus reparos por escrito antes da adopción do acordo ou resolución.

Cando a desconformidade se refira ó recoñecemento ou liquidación de dereitos a favor das entidades locais ou os seus organismos autónomos, a oposición formalizarase en nota de reparo que, en ningún caso, suspenderá a tramitación do expediente.



Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concellodelousame.com
concellodelousame@concellodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c

Se o reparo afecta á disposición de gastos, recoñecemento de obrigacións ou ordenación de pagos, suspenderase a tramitación do expediente ata que aquel sexa liquidado nos seguintes casos:

- a) Cando se base na insuficiencia de crédito ou o proposto non sexa adecuado.
- b) Cando non fosen fiscalizados os actos que deron orixe ás ordes de pago.
- c) Nos casos de omisión no expediente de requisitos ou trámites esenciais.
- d) Cando o reparo derive de comprobacións materiais de obras, subministracións, adquisicións e servizos.

BASE 58. Discrepancias.

Cando o órgano a que afecte o reparo non estea de acordo con este, corresponderá ó presidente da entidade local resolver a discrepancia, sendo a súa resolución executiva. Esta facultade non será delegable en ningún caso.

Non obstante o disposto no apartado anterior, corresponderá ó Pleno a resolución das discrepancias cando os reparos:

- a) Se baseen en insuficiencia ou inadecuación de crédito.
- b) Se refiran a obrigacións ou gastos cuxa aprobación sexa da súa competencia.

BASE 59. Normas de fiscalización previa do gasto

Nos termos recollidos no apartado segundo do artigo 219 do Texto Refundido da Lei Reguladora de facendas Locais aprobado por Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, a fiscalización previa limitárase a comprobar os seguintes extremos:

- A existencia de crédito orzamentario e que o proposto é o adecuado á natureza do gasto e obrigación que se propoña contraer. Nos casos en que se trate de contraer compromisos de gastos de carácter plurianual comprobarase, ademais, que se cumpre o preceptuado na normativa vixente.
- Que as obrigacións ou gastos xéranse por órgano competente.
- Para todo tipo de expedientes deberán efectuarse, ademais, as comprobacións adicionais que se determinen nas presentes Bases, podendo, o órgano interventor, formular as observacións complementarias que considere conveniente, sen que as mesmas teñan, en ningún caso, efectos suspensivos na tramitación dos expedientes correspondentes.

As obrigacións ou gastos sometidos á fiscalización limitada a que se refire o apartado 2 do artigo 219 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais serán obxecto doutra plena con posterioridade, exercida sobre unha mostra representativa dos actos, documentos ou expedientes que deron orixe á referida fiscalización, mediante a aplicación de técnicas de mostraxe ou auditoría, co fin de verificar que se axustan ás disposicións aplicables en cada caso e determinar o grao do cumprimento da legalidade na xestión dos créditos.



Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concellodelousame.com
concellodelousame@concellodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c

Os órganos de control interno que realicen as fiscalizacións con posterioridade deberán emitir informe escrito no que fagan constar cantas observacións e conclusións sexan deducidas delas. Estes informes remitiranse ao Pleno coas observacións que efectuasen os órganos xestores.

As entidades locais poderán determinar, mediante acordo do Pleno, a substitución da fiscalización previa de dereitos pola inherente á toma de razón en contabilidade e por actuacións comprobatorias posteriores mediante a utilización de técnicas de mostraxe ou auditoría (artigos 219.3 e 219.4 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais).

Cando dos informes de fiscalización sexa deducido que se omitiron requisitos ou trámites que sexan esenciais ou que a continuación da xestión administrativa puidese causar quebrantos económicos á Tesouraría municipal ou a un terceiro, procederase ao exame exhaustivo do expediente e se, a xuízo do Interventor, danse as mencionadas circunstancias, deberá actuar conforme ao preceptuado nos artigos 215 e seguintes do Texto Refundido da Lei Reguladora de Facendas Locais aprobado por Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo.

BASE 60. Toma de razón en contabilidade

A fiscalización previa dos dereitos queda substituída pola inherente á toma de razón en contabilidade, establecéndose as actuacións comprobatorias posteriores que se determinan nas Bases seguintes.

BASE 61. Fiscalización das Devolucións de Ingresos Indevidos

Nas devolucións de ingresos indevidos comprobarase que o control inherente á toma de razón en contabilidade verificou que o acordo de devolución foi ditado polo órgano competente e que a imputación orzamentaria foi adecuada. Ademais, verificarase:

- Que a execución da devolución se axustou ao recoñecemento do dereito á mesma.
- Que o ingreso efectivamente foi realizado e non foi obxecto de devolución anterior.
- Que o pago foi realizado a perceptor lexítimo e pola contía debida.

BASE 62. Fiscalización posterior ó recoñecemento do dereito

O exercicio do control posterior de tales dereitos e ingresos comprenderá a verificación do cumprimento da legalidade tanto nos procedementos de xestión que desen lugar ao recoñecemento, liquidación, modificación ou extinción de dereitos, como na realización de calquera ingreso público.



Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concellodelousame.com
concellodelousame@concellodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c

Comprobarase:

- Que o dereito económico é recoñecido e liquidado polo órgano competente, de acordo coas normas en cada caso aplicables.
- As posibles causas da modificación dos dereitos, así como os aprazamentos e fraccionamentos das débedas liquidadas.
- As causas que dan lugar á extinción do dereito.
- Exame particular, cando proceda, dos supostos de derivación de responsabilidade.

TÍTULO VII. INFORMACIÓN ORZAMENTARIA E MOVEMENTO DA TESOURERÍA.

BASE 63. Información sobre a execución do Orzamento e a Tesourería.

De conformidade co establecido no artigo 207 do Texto Refundido da Lei Reguladora de Facendas Locais aprobado por Real Decreto Legislativo de 2/2004, de 5 de marzo, a Intervención deste Concello remitirá ó Pleno Corporativo, por conduto do Presidente, información da execución dos Orzamentos e do movemento da Tesourería por operacións orzamentarias e non orzamentarias e da súa situación, con tempo suficiente para ser coñecidos nas sesións Plenarias ordinarias que este Concello celebre nos meses de xullo e novembro de cada ano.

TÍTULO VIII. GASTOS DE PERSOAL.

CAPITULO I. NORMAS XERAIS.

BASE 64. Retribucións do persoal ó servizo do Concello

As retribucións íntegras do persoal funcionario e laboral ó servizo deste Concello axustaranse ó disposto na Lei de Orzamentos Xerais do Estado para 2017, sen prexuízo das adecuacións retributivas que, con carácter singular e excepcional, resulten imprescindibles polo contido dos postos de traballo, pola variación do número de efectivos asignados a cada programa ou polo grado de consecución dos obxectivos fixados ó mesmo, sempre con estrito cumprimento do disposto na normativa vixente.

O réxime de percepción das retribucións axustarase á normativa vixente sobre retribucións de funcionarios públicos, Relación de Postos de Traballo e ós acordos reguladores das condicións de traballo do persoal ó Servizo do Concello.

Para o persoal laboral aplicárase de xeito supletorio o Convenio colectivo único para o persoal laboral da Administración Xeral do Estado.

No ano 2017, as retribucións do persoal ó servizo do Concello non poderán experimentar maior incremento respecto das vixentes a 31 de decembro de 2016 que o que se determine na Lei de Orzamentos Xerais do Estado para o exercicio 2017 (incremento do 1%).



Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concellodelousame.com
concellodelousame@concellodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c

000110

BASE 65. Nóminas.

1. O pagamento de toda clase de retribucións ós funcionarios e demais persoal deste Concello efectuarase mediante nómina mensual que serán autorizadas e conformadas pola Alcaldía do Concello.
2. Todos os haberes do persoal que figuran nas nóminas mensuais serán pagados pola entidade bancaria designada ó efecto pola Alcaldía do Concello mediante abono na conta da devandita entidade ou doutra que elixira o perceptor. O pagamento, nestes casos, xustificarse co documento acreditativo do abono ou da orde de transferencia da entidade bancaria mediante a que se proceda ó pagamento de haberes.

BASE 66. Anticipos reintegrables a funcionarios e persoal laboral.

1. - Concederanse anticipos reintegrables ós funcionarios conforme ó establecido na lexislación sobre funcionarios e persoal laboral.
2. Á extinción ou suspensión da relación de servizo co Concello de Lousame virá obrigado o persoal afectado, ó reintegro do importe pendente de reembolso nos prazos e co procedemento establecido con carácter xeral para outros ingresos de dereito público, mediante Resolución da Alcaldía.
3. Para os efectos indicados no parágrafo anterior non se considerarán suspensión da relación estatutaria ou laboral, os permisos ou licenzas legalmente establecidos ou as situacións de incapacidade transitoria. Durante a vixencia de tales situacións temporais, o persoal funcionario ou laboral incurso nestas que tivese anticipos pendentes de reembolso e non perciba retribucións do Concello, efectuará os reintegros correspondentes por mensualidades, nas datas inicialmente determinadas, realizándose o ingreso directamente na Tesouraría Municipal.

CAPITULO II. NORMAS SOBRE PERSOAL FUNCIONARIO.

BASE 67. Persoal funcionario.

1. As retribucións íntegras do persoal funcionario ó servizo deste Concello axustaranse ó disposto na Lei de orzamentos xerais do Estado para 2017.
2. Efectúanse consignacións nas aplicacións orzamentarias 231.150.01, 323.150.01, 920.150.01 e 934.150.01 respectivamente, para persoal funcionario, con cargo á cal se aboarán o excepcional rendemento, a actividade e dedicación extraordinaria, o interese e iniciativa con que se desempeña o posto de traballo. A asignación individual deste complemento de produtividade levarase a cabo mediante Resolución da Alcaldía.



Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concellodelousame.com
concellodelousame@concellodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c

3. Efectúanse consignacións nas aplicacións orzamentarias 231.151.01, 321.151.01, 920.151.01 e 934.151.01, para persoal funcionario, con cargo á cal se aboarán os servizos extraordinarios prestados fóra da xornada normal de traballo. A asignación individual destas gratificacións levarase a cabo mediante Resolución da Alcaldía.

CAPITULO III. NORMAS SOBRE PERSOAL LABORAL.

BASE 68. Persoal laboral.

1. O conxunto das retribucións a percibir polo persoal laboral ó servizo do Concello axustarase ó establecido na Lei de Presupostos Xerais do Estado para 2017. Non obstante, estarase ó que determine o Pleno da Corporación, dentro dos límites que estableza a Lei antes citada e demais normativa aplicable.

2. Efectúanse consignacións nas aplicacións orzamentarias 150.150.02, 231.150.02, 323.150.02, 3321.150.02, 450.150.02, 931.150.02, 150.150.03, 231.150.03, 241.150.03, 326.150.03, 334.150.03 e 341.150.03 para persoal laboral, con cargo ás que se aboarán o excepcional rendemento, a actividade e dedicación extraordinaria, o interese e iniciativa con que se desempeña o posto de traballo. A asignación individual deste complemento de produtividade levarase a cabo mediante Resolución da Alcaldía.

3. Efectúanse consignacións nas aplicacións orzamentarias 150.151.02, 231.151.02, 323.151.02, 450.151.02, 931.151.02 e 231.151.03 para persoal laboral, con cargo ás que se aboarán os servizos extraordinarios prestados fóra da xornada normal de traballo. A asignación individual destas gratificacións levarase a cabo mediante Resolución da Alcaldía.

CAPITULO IV. NORMAS SOBRE PERSOAL EVENTUAL, CONTRATADO E INTERINO.

BASE 69. Persoal eventual, contratado laboral temporal e interino.

1. Non se establece ningunha previsión para persoal eventual durante o exercicio 2017.

2. Durante a vixencia das limitacións establecidas polo Real Decreto Lei 20/2011, de 30 de decembro, de medidas urxentes en materia orzamentaria, tributaria e financeira para a corrección do déficit público, recollidas nas sucesivas Leis de Orzamentos Xerais do Estado dos anos 2012, 2013, 2014, 2015, 2016 e 2017 non caberá a contratación de **persoal temporal ou de funcionarios interinos**, agás en casos excepcionais e para cubrir necesidades urxentes e inaprazables restrinxidas a sectores, funcións e categorías profesionais prioritarios ou que afecten aos servizos públicos esenciais.

A fin de dar cumprimento ao RDL 20/2011 de 30 de decembro e LOXE para o ano 2017 con carácter previo ao inicio do proceso selectivo do persoal que se queira contratar, deben concorrer os seguintes requisitos (que se acreditarán no correspondente expediente administrativo):



Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concellodelousame.com
concellodelousame@concellodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c

a) Recaer sobre postos de traballo que desenvolvan funcións que comporten a necesidade urxente de cobertura; xa que do contrario, perigaría o funcionamento esencial e básico do Concello de Lousame.

b) Recaer sobre os servizos básicos e esenciais que desenvolve o Concello de Lousame.

A concorrencia destas circunstancias así como a urxencia e o carácter inaprazable da contratación, deberán quedar acreditados nunha memoria que subscribirá a Alcaldía do Concello de Lousame.

Estas limitacións non se considerarán no caso do persoal cuxa contratación temporal estea integramente financiada por outra Administración Pública. Considerarase que a financiación é íntegra cando abrangue os custos salariais e cota empresarial da Seguridade Social, aínda que non inclúa a indemnización prevista no artigo 49.1.c) do ET (*finiquitos*) ou liquidacións por vacacións non desfrutadas.

Nos supostos de financiamento parcial, estarase ao sinalado nos apartados anteriores.

BASE 70. Substitución por vacacións da secretaria do Xulgado de Paz.

A substitución, por licenza e vacacións da secretaria do Xulgado de Paz queda encomendada ó persoal do concello que designe a Alcaldía, percibindo os haberes que lle correspondan.

DISPOSICIÓNS FINAIS

Primeira.- O artigo 4 da *Lei 25/2013, de 27 de decembro de impulso da factura electrónica e creación do rexistro contable de facturas do sector Público* sinala:

“Artigo 4. Uso da factura electrónica no sector público.

Todos os provedores que entregaran bens ou prestaran servizos á Administración Pública poderán expedir e remitir factura electrónica. En todo caso, estarán obrigadas ó uso da factura electrónica e á súa presentación a través do punto xeneral de entrada que corresponda ás entidades seguintes:

- a) Sociedades anónimas.*
- b) Sociedades de responsabilidade limitada xurídica que carezan de nacionalidade española.*
- c) Establecementos permanentes e sucursais de entidades non residentes no territorio español nos términos que establece a normativa tributaria.*
- d) Unións temporais de empresas.*
- e) Agrupacións de interese económico, Agrupacións de interese económico europea, Fondo de Pensións, Fondo de capital risco, Fondo de inversións, Fondo de utilización de activos, Fondo*



Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concellodelousame.com
concellodelousame@concellodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c

de regularización do mercado hipotecario, Fondo de titulación hipotecaria ou Fondo de garantía de investimentos.

Non obstante, as Administracións Públicas poderán excluír regulamentariamente de esta obrigação de facturación electrónica ás facturas cuxo importe sexa de ata 5.000 euros e ás emitidas polos provedores ós servizos no exterior das Administracións Públicas ata que ditas facturas poidan satisfacer os requirimentos para a súa presentación a través do Punto xeneral de entrada de facturas electrónicas, de acordo coa valoración do Ministerio de Facenda e Administracións Públicas, e os servizos no exterior dispoñan dos medios e sistemas apropiados para a súa recepción en nos ditos servizos”

Segundo a Disposición final oitava da Lei 25/2013, de 27 de decembro, o artigo 4 entrou en vigor o 15 de xaneiro de 2015. É por isto que, a partir do 15 de xaneiro de 2015, o Concello de Lousame exclúe da obriga de expedir e remitir factura electrónica a aquelas facturas cuxo importe sexa de ata 5.000,00 €, tal e como sinala o artigo 4 da Lei 25/2013, de 27 de decembro enriba transcrito.

Segunda.- A todo o que non estea previsto nas presentes Bases seralle de aplicación o disposto no *Texto Refundido da Lei Reguladora de Facendas Locais aprobado por Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, o Real Decreto 500/1990, de 20 de abril*, e as normas que desenvolvan ás anteriores.

Cantas dúbidas se susciten na aplicación das presentes Bases, serán resoltas pola Alcaldía, previo informe da Intervención, conforme ó disposto na Base 1.

Lousame, 21 de xullo de 2017.

A Alcaldesa

Asdo. M^a Teresa Villaverde Pais





Lousame, a 27 de xullo de 2017

Asunto: Orzamento para o exercicio 2017

INFORME DE INTERVENCIÓN

A normativa en virtude da cal se emite informe ao expediente orzamentario para o exercicio 2016, é a que segue:

- ~ *Artigo 168.4 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei das facendas locais*
- ~ *Artigo 18.4 do Real Decreto 500/1990, do 20 de abril*
- ~ *Artigo 4.1.g) do Real Decreto 1174/1987, do 18 de setembro, de réxime xurídico dos funcionarios da Administración local de habilitación de carácter nacional*

A normativa aplicable á elaboración e tramitación do expediente orzamentario e seguida por esta Secretaría-Intervención para a emisión do presente informe é a seguinte:

- ~ *Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei das facendas locais (TRLFL)*
- ~ *Lei Orgánica 2/2012, do 27 de abril, de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira (LOEOSF)*
- ~ *Real Decreto 1463/2007, do 2 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de desenvolvemento da Lei 18/2001, do 12 de decembro, de estabilidade orzamentaria, na súa aplicación ás entidades locais.*
- ~ *Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto básico do empregado público (TRLEBEP)*
- ~ *Lei 30/1984, do 2 de agosto, de medidas para a reforma da función pública.*
- ~ *Lei 7/1985, do 2 de abril, de bases de réxime local (LBRL)*
- ~ *Real Decreto Lexislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL)*
- ~ *Lei 5/1997, do 22 de xullo, da Administración local de Galicia (LALGA)*
- ~ *Real Decreto 500/1990, do 20 de abril (RP)*
- ~ *Real Decreto 861/1986, do 25 de abril, de réxime das retribucións dos funcionarios da Administración local*
- ~ *Real Decreto 2568/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais*
- ~ *Lei de Orzamentos Xerais do Estado para o exercicio 2017 (BOE núm. 153 do 28.06.2017)*

ANTECEDENTES:

Remítese a esta Intervención o proxecto do orzamento para 2017, composto da seguinte documentación:

- ☒ Estado de ingresos e gastos
- ☒ Memoria explicativa do seu contido.
- ☒ Anexo de persoal
- ☒ Anexo de investimentos



- ☒ Anexo de beneficios fiscais en tributos locais
- ☒ Anexo de convenios suscritos coas Comunidades Autónomas en materia de gasto social.
- ☒ Anexo da débeda
- ☒ Informe económico-financieiro
- ☒ Bases de execución.
- ☒ Estados de execución da Liquidación do Orzamento 2015 e 2016
- ☒ Cadro de persoal.

Á vista destes antecedentes, esta Secretaría-Intervención emite o seguinte INFORME:

PRIMEIRO: Contido do expediente orzamentario

A regulación do contido do expediente orzamentario está prevista nos seguintes preceptos:

- ~ Artigo 165 do TRLFL, que fai referencia aos estados de gastos e ingresos, así como ás bases de execución
- ~ Artigo 166 do TRLFL, que enumera os anexos do orzamento, que no caso do Concello de Lousame, supón o anexo da débeda
- ~ Artigo 168 do TRLFL, que fai referencia á seguinte documentación: Memoria explicativa do seu contido e das principais modificacións que presente en relación co anterior; liquidación do orzamento do exercicio anterior e avance da do corrente referida, polo menos, a seis meses do exercicio corrente; anexo de persoal; anexo de investimentos; anexo de beneficios fiscais; anexo de convenios suscritos coa comunidade autónoma en materia de gasto social e informe económico-financieiro no que se expoñan as bases utilizadas para a avaliación dos ingresos e das operacións de crédito previstas, a suficiencia dos créditos para atender o cumprimento das obrigas esixibles e os gastos de funcionamento dos servizos e, en consecuencia, a efectiva nivelación do orzamento.

De acordo coa enumeración dos antecedentes expostos anteriormente, constátase o cumprimento do contido mínimo do expediente orzamentario:

- ☒ Si
☐ Non

SEGUNDO: Tramitación

A tramitación que debe seguir o expediente orzamentario, unha vez completada a súa elaboración e previo informe desta Secretaría-Intervención, está prevista nos artigos 168 e 169 do TRLRFL e que pode resumirse así:

- Aprobación inicial polo Pleno Corporativo, por maioría simple.
- Exposición pública, tras o seu anuncio no BOP, durante un período de 15 días hábiles. Durante a exposición pública, os interesados poderán examinar o expediente orzamentario e presentar reclamacións ante o Pleno.



- Resolución de reclamacións, no seu caso, polo Pleno no prazo máximo dun mes desde a finalización do período de exposición pública.
- Aprobación definitiva do orzamento polo Pleno Corporativo. No caso de que non se presentasen reclamacións, o orzamento entenderase definitivamente aprobado tralo período de exposición pública.

En canto á aprobación do cadro de persoal, a regulación é a que se indica no 127 e seguintes TRRL:

- o Aprobación do cadro de persoal xunto coa aprobación do orzamento.
- o Publicación do cadro de persoal no BOP, xunto co resumo do orzamento.
- o Remisión ás Administracións do Estado e da Comunidade Autónoma.

En canto á obrigatoriedade de negociación cos representantes do persoal no relativo ao **Anexo de persoal e o Cadro de persoal**, é clarificadora a STS 1943/2014, do 9 de abril.

A continuación, exporei os aspectos que considero máis relevantes á hora de determinar a necesidade ou non de negociación colectiva deste documento.

STS 1943/2014, do 9 de abril: Negociación colectiva con motivo da aprobación do cadro de persoal

Esta sentenza basea os seus fundamentos xurídicos na distinción entre a relación de postos de traballo e o cadro de persoal.

Así, no fundamento xurídico terceiro cita a STS do 30/06/2013 (recurso de casación 1468/2012) na que recolle que *"Existe, pois, unha ampla e constante xurisprudencia sostendo que as relacións de postos de traballo deben ser obxecto de negociación colectiva (sentenza do 8 de novembro de 2013, recurso de casación 3105/2012 e as citadas no seu FX 3º -STS do 30 de xuño de 2013, recurso de casación 1468/2012, e sentenza do 23 de marzo de 2012, recurso de casación 658/2009-)"*.

Diferente da relación de postos de traballo (RPT) é o cadro de persoal ao que se refire no seu fundamento xurídico cuarto. Tal e como recolle, a propia normativa diferencia ambos instrumentos.

Así, a RPT ten o seu precedente nos artigos 15 e 16 da Lei 30/1984, do 2 de agosto, de medidas para a reforma da función pública (LMRFP). No seu artigo 16, relativo ás Comunidades Autónomas e á Administración Local establécese a necesidade de elaborar relacións de postos de traballo que deberán incluír elementos como a denominación, o tipo e o sistema de provisión dos postos, os requisitos esixidos para o seu desempeño e as retribucións complementarias que lles correspondan. O artigo 90.2 LBRL establece que as Corporacións Locais formarán a relación de todos os postos de traballo existentes na súa organización, nos termos previstos na lexislación básica sobre función pública. Engade que correspóndelle ao Estado establecer as normas de acordo coas que deban confeccionarse estas relacións, a descrición dos postos de traballo tipo e as condicións requiridas para a súa creación, así como as normas básicas da carreira administrativa, especialmente no referido á promoción dos funcionarios a niveis e grupos superiores. Finalmente, o artigo 74 EBEP establece que as Administracións Públicas estruturarán a súa organización a través das relacións dos postos de traballo ou outros instrumentos organizativos similares que comprenderán, polo menos, a denominación dos postos, os grupos de clasificación



profesional, os corpos ou escalas, e os sistemas de provisión e as retribucións complementarias.

O contido citado para as RPT está vinculado directamente ás condicións de traballo dos postos e dos/as empregados/as públicos/as, de aí a necesidade de que a súa modificación vaia acompañada dun proceso de negociación colectiva.

Cuestión diferente é o cadro de persoal, vinculado ao orzamento, co que se aproba simultaneamente, sen prexuízo de posteriores modificacións. O precedente deste instrumento atópase no artigo 14 LMRFP. Así, no seu apartado 3 establécese que *"Os cadros de persoal dos diferentes Corpos e Escalas da Administración do Estado, así como as do persoal laboral, serán as que resulten dos créditos establecidos na Lei de orzamentos."* No apartado 4, para as Comunidades Autónomas, establécese que estas *"determinará nas súas respectivas Leis de orzamentos os cadros de persoal"*.

Esa mesma vinculación reitérase no artigo 126 TRRL:

"1. Os cadros de persoal, que deberán comprender todos os postos de traballo debidamente clasificados reservados a funcionarios, persoal laboral e eventual, aprobaranse anualmente con ocasión da aprobación do orzamento e deberán responder aos principios enunciados no artigo 90.1 da Lei 7/1985, do 2 de abril. A eles uniranse os antecedentes, estudos e documentos acreditativos de que axústanse aos ditos principios.

2. Os cadros de persoal poderán ampliarse nos seguintes supostos:

a) Cando o incremento do gasto quede compensado mediante a redución doutras unidades ou capítulos de gastos correntes non ampliables.
b) Sempre que o incremento das dotacións sexa consecuencia do establecemento ou ampliación de servizos de carácter obrigatorio que sexan impostos por disposicións legais. O establecido neste apartado serao sen prexuízo das limitacións específicas contidas nas leis especiais ou cointeriores.

3. A modificación dos cadros de persoal durante a vixencia do orzamento requirirá o cumprimento dos trámites establecidos para a modificación daquel"

Tras a exposición da anterior normativa o fundamento xurídico cuarto da STS 1943/2014, do 9 de abril conclúe que ***"constátase que, fronte ás relacións de postos de traballo, o cadro de persoal ten un ámbito máis reducido. Non determina as características esenciais do posto, nin os requisitos para a súa ocupación. A súa finalidade é predominantemente de ordenación orzamentaria, o que, en principio, exíame da negociación colectiva. Trátase de estruturar as prazas dos distintos Corpos e Escalas"***.

No fundamento xurídico 5º da sentenza recóllese un resumo das principais conclusións expostas a través dun repaso da doutrina xurisprudencial do Tribunal Supremo:

1. O cadro de persoal é un instrumento de ordenación do persoal que se presenta como unha típica manifestación da potestade organizatoria do concello a confeccionar anualmente a través do orzamento. Así, exclúese do ámbito da negociación colectiva. Cítase, a este respecto, a STS do 16/11/2001, recurso de casación 7185/1997 e a do 20/10/2008, recurso de casación 6078/2004. Esta última engade que incumprírase o requisito da negociación no caso de que a aprobación do cadro de persoal permitise unha modificación da relación de postos de traballo.

2. O cadro de persoal ten un ámbito máis reducido que a RPT. Así, a aprobación daquel supón a aprobación dunha partida de gasto vinculada a aqueles postos que se decida cubrir. Non ten por que comprender a totalidade dos postos de traballo, senón aqueles que sexan



viáveis economicamente e que decidan incluírse. Por exemplo, poden existir vacantes que non se inclúan no cadro de persoal porque, por motivos decídese non cubrilos. En calquera caso, o contido do cadro de persoal debe ser coherente coa RPT. A este respecto, cítanse as STS do 17/07/2012, recurso de casación 3547/2011 e a STS do 28/11/2007, recurso de casación 1128/2003.

O fundamento xurídico sétimo da STS 1943/2014, do 9 de abril refírese ao 37 EBEP, que regula as materias obxecto de negociación:

"No artigo 37 EBEP regúlanse as materias obxecto de negociación. Enumera nos distintos incisos do primeiro apartado aquelas que serán obxecto de negociación, no seu ámbito respectivo e en relación coas competencias de cada Administración", mentres que no segundo fai o propio coas que exclúe.

A longa lista do apartado primeiro amosa que practicamente todo é negociable. Mais, como dixo o FX terceiro da STS do 6 de febreiro de 2007, recurso de casación 639/2002, "a locución condicións de traballo non pode estenderse ao punto de comprender toda a regulación que afecte a un determinado corpo de funcionarios, senón que ha de limitarse ás circunstancias que repercutan na forma na que se desempeñe o traballo nun posto determinado". Certo é que no inciso a) do apartado segundo exclúense as decisións que afecten ás súas potestades de organización, mais, a continuación, a propia norma di que procederá a negociación cando as ditas decisións teñan repercusión sobre as condicións de traballo dos funcionarios públicos contempladas no apartado anterior, é dicir o 1.

Estamos, pois, ante unha regulación moito máis taxativa que a establecida na normativa anterior, contida no apartado segundo do artigo 34 da Lei 9/1987, do 12 de maio que, de forma moito máis ambigua, expresaba poidan ter repercusión. Das establecidas no primeiro apartado a prevista na letra k) as que afecten ás condicións de traballo constitúe unha fórmula omnicompreensiva".

Finalmente, o fundamento xurídico décimo da sentenza conclúe:

"Tras o exposto, refutamos certo o alegato da Corporación Local respecto á individualidade dos cadros de persoal respecto ás relacións de postos de traballo.

Aquí non houbo unha modificación do cadro de persoal nin da relación dos postos de traballo. Só se alterou o cadro de persoal, como reflicte a sentenza impugnada, consta nas actuacións e na propia argumentación da Corporación local recorrente.

Nada din as partes pero é notorio, pola súa publicación no BOXA do 17 de novembro de 2009 que a relación dos postos de traballo aprobouse con anterioridade, 2 de novembro de 2009, sen que conste impugnación ningunha.

Non ofrece dúbida que no orzamento controvertido en instancia o acto de aprobación do cadro de persoal orzamentaria e estrutural crea, transforma (reclasifica prazas, individualiza prazas nos procesos de reclasificación, cambia denominacións) e amortiza prazas cando queden vacantes tras o correspondente proceso de reclasificación. Se atendemos ao que, máis arriba dixemos, sobre as prazas e os postos de traballo, resulta patente que non son conceptos equivalentes.

As condicións de traballo de cada posto fíxanse nas relacións de postos de traballo que indicaran as correspondentes retribucións específicas mentres que nos cadros de persoal especificábase a denominación da praza, o seu número, o grupo ou escala, subescala, clase e categoría, cuestións que non se engarzan co artigo 37 EBEP".



Así, a sentenza conclúe na non necesidade de negociación colectiva.

Necesidade de negociación colectiva con motivo da aprobación do cadro de persoal de 2017:

Unha vez detallados os principais fundamentos xurídicos desta sentenza, se a aplicamos a este expediente, pódese extraer que o Cadro do Persoal do orzamento 2017 non presenta variacións con respecto ao do exercicio 2016, nin inclúe ningunha modificación das condicións de traballo.

Polo tanto, en aplicación dos criterios fixados na STS 1943/2014, do 9 de abril, non é necesaria a negociación colectiva con ocasión da aprobación do Cadro de Persoal do Exercicio 2017; sen prexuízo de que poida levarse a cabo a mesma.

Como se analizará máis adiante, no capítulo 1 do Orzamento consígnanse os créditos que permitirán recoñecer e aboar ao *persoal laboral temporal* do Concello os "trienios ou complemento de antigüidade" dun xeito semellante ao que acontece co persoal funcionario e laboral fixo do Concello. Pero o seu recoñecemento non se produce coa aprobación do orzamento, senón que queda condicionado á tramitación e aprobación do convenio colectivo para o persoal laboral do Concello (que será obxecto de obrigada negociación).

Así, a aprobación do orzamento en si mesma considerada non modifica ningunha condición de traballo; só permite a dotación do crédito como paso previo para unha futura tramitación, negociación e aprobación do convenio colectivo.

TERCEIRO: Competencia e quórum

De acordo co artigo 22.2.e) LBRL, a competencia para a aprobación do orzamento reside no Pleno. Requírese maioría simple para a súa aprobación.

CUARTO: Fiscalización doutros aspectos legais

➤ Estabilidade orzamentaria:

De acordo co apartado 2 do artigo 16 do RD 1463/2007, do 2 de novembro, relativo á avaliación do cumprimento do obxectivo de estabilidade, procede a emisión dun informe independente:

"(...) a Intervención local elevará ao Pleno un informe sobre o cumprimento do obxectivo de estabilidade da propia entidade local (...).

O informe emitirase con carácter independente e achegarase aos previstos nos artigos 168.4, 177.2 e 191.3 do texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, referidos, respectivamente, á aprobación do orzamento xeral, ás súas modificacións e á liquidación"



En vista do exposto, este aspecto analizarase en informe separado.

➤ **Gastos de persoal:**

1.- Regulación xeral. Retribucións.

A actualización das retribucións dos empregados públicos está regulada no artigo 18 LOXE.

"Dos. En el año 2017, las retribuciones del personal al servicio del sector público no podrán experimentar un incremento global superior al 1 por ciento respecto a las vigentes a 31 de diciembre de 2016, en términos de homogeneidad para los dos períodos de la comparación, tanto por lo que respecta a efectivos de personal como a la antigüedad del mismo".

Da análise do Anexo do Persoal do Orzamento, así como da Memoria da Alcaldía, compróbase que as retribucións do persoal no exercicio 2017 se incrementaron no 1% en aplicación do artigo 18.1 da LOXE para 2017.

Do mesmo xeito compróbase que está orzamentada unha contía para o recoñecemento ao *persoal laboral temporal* dun complemento de antigüidade por cada tres anos de servizos prestados ao Concello, dun xeito semellante aos trienios do persoal funcionario e persoal laboral fixo da entidade local (vindicación cada tres anos e aplicación das contías previstas na LOXE para os funcionarios en función dos diferentes tipos de contrato)

No orzamento vincúlase o dito recoñecemento á tramitación e aprobación dun convenio colectivo para o persoal laboral do Concello de Lousame. As contías orzamentadas abranguen cinco mensualidades tendo en conta o momento temporal no que nos atopamos e as datas de previsible entrada en vigor tanto do orzamento de 2017 coma do convenio colectivo que servirá de fundamento para o recoñecemento desa antigüidade.

Estando consignados os créditos que permitan facer efectivo o recoñecemento dos trienios ou complemento de antigüidade ao persoal laboral temporal, cómpre analizar se o dito recoñecemento é posible.

Se ben é certo que tanto os funcionarios de carreira como os funcionarios interinos teñen recoñecidos o cobro de trienios no TRLEBEP dende a súa entrada en vigor, en cambio para o persoal laboral temporal non se aclara este asunto, remitíndose ao artigo 27 do citado texto legal.

O dito artigo 27 sinala que as retribucións do persoal laboral determinaranse de acordo coa lexislación laboral, o convenio colectivo que lle sexa aplicable e o contrato de traballo.

Ao contrario do que sucede co persoal funcionario, o concepto retributivo de *trienio ou complemento de antigüidade* no ámbito laboral non constitúe unha figura legal, senón que opera segundo que esta previsto no correspondente convenio ou no



pacto entre empresario e traballador, como así se desprende do artigo 25 do Texto Refundido da Lei do Estatutos dos Traballadores (Real Decreto Lexislativo 2/2015) cando sinala: "El trabajador, en función del trabajo desarrollado podrá tener derecho a una promoción económica en los términos fijados en el convenio colectivo o contrato individual que deberán regular su cuantía, período de devengo y demás características".

Polo tanto, calquera traballador da administración suxeito ao réxime xurídico laboral podería percibir o complemento de antigüidade sempre que así estivese pactado ou convido.

¿Existe algunha diferenza para o persoal laboral temporal que leve prestando servizos na Administración máis alá de tres anos?

O carácter de interinidade deste tipo de persoal non é obstáculo para a percepción económica en concepto de trienio ou antigüidade, se así estivera prevista para o persoal laboral fixo; e isto porque o artigo 15.6 do TRLET prevé **igualdade de dereitos**, polo que debe entenderse que o dereito á retribución por antigüidade corresponde a tódolos traballadores en réxime laboral "cualquiera que sea su modalidad de contratación". E todo isto a pesares de que non teñan recoñecida xudicialmente o seu carácter de indefinidos.

Existe múltiple xurisprudencia neste sentido:

- Sentenza TSJ Madrid 11.07.2006: "Los criterios de antigüedad relativos a determinadas condiciones de trabajo serán los mismos para trabajadores con contrato de duración determinada que para los trabajadores fijos, salvo que criterios de antigüedad diferentes vengan justificados por razones objetivas". "Por lo que respecta a las condiciones de trabajo, no podrá tratarse a los trabajadores con un contrato de duración determinada de una manera menos favorable que los trabajadores fijos comparables por el mero hecho de tener un contrato de duración determinada, a menos que se justifique un trato diferente por razones subjetivas"
- Sentenza STJ Extremadura 30.04.2008: "No es compatible con el artículo 14 CE un tratamiento que configure a los trabajadores temporales como colectivo en una posición de segundo orden en relación con los trabajadores con contrato de duración indefinida (...) De esta forma se proscribiera cualquier diferencia entre trabajadores fijos y temporales que implique un trato discriminatorio. En concreto se declara discriminatoria las diferencias salariales cuando se demuestre que todos realizan un trabajo igual o similar. No fallo recoñéceselle aos traballadores o pago dos trienios reclamados.
- Sentenza do TS do 07.10.2002: "La jurisprudencia en orden a garantizar una igualdad entre trabajadores temporales e indefinidos no ha sido pacífica. Sin embargo, sí se puede afirmar que la misma ha seguido una línea interpretativa expresiva de que el principio de igualdad de trato no justifica



la exclusión, en el ámbito de aplicación de los convenios colectivos, de condiciones de trabajo diferentes no justificada por la temporalidad de vínculo. Así, concretamente, se ha declarado la nulidad de aquellas cláusulas que establecían una doble escala salarial o las que contenían la exclusión del complemento de antigüedad"

Así, aplicando o principio de homoxeneidade previsto na Lei de Orzamentos Xerais do Estado (artigo 18), cúmprese o principio de non incremento das retribucións do persoal máis alá do 1% permitido pola propia Lei.

A dotación do crédito para o recoñecemento dos "trienios ou antigüidade" ao persoal laboral temporal utiliza as mesmas contías que prevé a LOXE para os funcionarios (en función de cada tipo de contrato). No caso de aprobarse o convenio colectivo non suporía un incremento das retribucións (por aplicación do principio de homoxeneidade), senón a efectiva aplicación dun concepto retributivo ao que teñen dereito estes traballadores segundo a xurisprudencia dos tribunais.

2.- Límites para o incremento do cadro de persoal. Cobertura definitiva das prazas vacantes

O artigo 19.Un.1 LOXE establece para o ano 2017:

"Uno. 1. La incorporación de nuevo personal en el sector público (...) estará sujeta a los límites y requisitos establecidos en los apartados siguientes. Se exceptúa de lo dispuesto en el párrafo anterior, la incorporación de personal que pueda derivarse de la ejecución de procesos selectivos correspondientes a Ofertas de Empleo Público de ejercicios anteriores (...)"

O apartado 2 establece a posibilidade de cubrir prazas, respectando en todo caso as dispoñibilidades orzamentarias, nunha serie de sectores e Administracións, fixando a **taxa de reposición no 100%**. Polo que respecta á Administración Local, serían aplicables os seguintes supostos:

- *"C) (...) en el ámbito de la Administración Local, al **personal de la Policía Local**, en relación con la cobertura de las correspondientes plazas de dicha Policía".*

Non se da este suposto no Concello.

- *"F) A las Administraciones Públicas respecto del asesoramiento jurídico y la gestión de los recursos públicos"*

Tráese a colación esta excepción porque a praza de funcionario de TAX, está vacante (actualmente ocupada de xeito interino) e habería que estudar se podería ser incluída nesta categoría (polas súas funcións de asesoramento legal) a efectos da aplicación da taxa de reposición do 100%.



- “O) A las plazas de personal que presta asistencia directa a los usuarios de los servicios sociales”
- “S) Persoal de atención aos cidadáns nos servizos públicos”

Nos sectores e Administracións non recollidos no apartado anterior, a **taxa de reposición fíxase nun máximo do 50%**.

Posteriormente, o artigo 19.Un.4 LOXE regula o cálculo da taxa de reposición de efectivos:

“Para calcular la tasa de reposición de efectivos, el porcentaje de tasa máximo fijado se aplicará sobre la diferencia resultante entre el número de empleados fijos que, durante el ejercicio presupuestario anterior, dejaron de prestar servicios en cada uno de los respectivos sectores, ámbitos, cuerpos o categorías, y el número de empleados fijos que se hubieran incorporado en los mismos, en el referido ejercicio, por cualquier causa, excepto los procedentes de ofertas de empleo público, o reingresado desde situaciones que no conlleven la reserva de puestos de trabajo. A estos efectos, se computarán los ceses en la prestación de servicios por jubilación, retiro, fallecimiento, renuncia, declaración en situación de excedencia sin reserva de puesto de trabajo, pérdida de la condición de funcionario de carrera o la extinción del contrato de trabajo o en cualquier otra situación administrativa que no suponga la reserva de puesto de trabajo o la percepción de retribuciones con cargo a la Administración en la que se cesa. Igualmente, se tendrán en cuenta las altas y bajas producidas por los concursos de traslados a otras Administraciones Públicas. No computarán dentro del límite máximo de plazas derivado de la tasa de reposición de efectivos las plazas que se convoquen para su provisión mediante procesos de promoción interna y las correspondientes al personal declarado indefinido no fijo mediante sentencia judicial”.

3.- Cobertura temporal das prazas vacantes ou nova contratación temporal

No tocante a unha cobertura temporal das vacantes ou á nova contratación laboral temporal, o artigo 19.Dous LOXE establece o seguinte:

“Dos. No se podrá proceder a la contratación de personal temporal, así como al nombramiento de personal estatutario temporal y de funcionarios interinos excepto en casos excepcionales y para cubrir necesidades urgentes e inaplazables.”

As Bases de Execución do Orzamento, definen os requisitos que deben cumprirse para poder acudir á contratación temporal, en aplicación do artigo 19 da LOXE.

Estes requisitos deberán acreditarse nos expedientes de selección correspondentes, polo que, en canto á cobertura das prazas vacantes, no caso de non ser posible a súa inclusión na oferta de emprego público e cobertura por funcionarios de carreira poderíase valorar a cobertura por funcionarios interinos, sempre que se axusten aos supostos previstos no EBEP.



Debe terse en conta, por outra parte, a limitación a unha situación de interinidade permanente. Así, o artigo 10.4 EBEP establece que no suposto de nomeamento de funcionarios interinos en prazas vacantes por non ser posible a súa cobertura por funcionarios de carreira, estas prazas deberán incluírse na oferta de emprego correspondente ao exercicio no que se produza o seu nomeamento e, se non fose posible, na seguinte, salvo que se decida a súa amortización.

Así, as limitacións ás ofertas de emprego público ocasionan situacións na ordenación dos recursos humanos difíciles de solventar en entes locais con escasa rotación de persoal nos que é difícil aplicar a taxa de reposición de efectivos da LOXE.

Non obstante, non é o obxecto deste informe determinar que prazas poden cubrirse ou non e de que modo, xa que isto deberá ser obxecto de tramitación independente coa emisión dos correspondentes informes á vista dos antecedentes de cada suposto concreto.

➤ **Regra da afectación:**

De acordo ca normativa das facendas locais, os ingresos de capital son ingresos afectados a gastos de capital: é a chamada "Regra de afectación".

A comprobación do cumprimento farémola, en termos globais, comprobando que os gastos de capital (capítulos 6 a 9 do estado de gastos) son superiores ca os ingresos de tal natureza (capítulos 6 a 9 do estado de ingresos), xa que do contrario, estes estarían financiando gastos correntes:

Gastos de capital	Ingresos de capital
754.965,60 €	611.207,37 €

Cúmprese a regra da afectación:

☒ Si. Á vista dos datos presentados, resulta que os ingresos de capital previstos financian exclusivamente gastos de tal natureza. A mesma conclusión pode extraerse do Anexo de investimentos.

☐ Non

➤ **Necesidade de aprobación dunha RPT:**

Do Anexo de Persoal e Cadro de Persoal pode extraerse que a meirande parte dos empregados públicos do Concello de Lousame (un 63,89%) ostentan a categoría de "*persoal laboral temporal*"; estando algúns dos postos vinculados a subvencións e outros non. Sen embargo a gran maioría dos ditos postos non teñen verdadeira natureza temporal e se manteñen no tempo máis alá do permitido polo artigo 15 do TRLET.



Polo coñecemento desta Secretaría-Intervención, en réxime de acumulación de funcións, é precisa unha reordenación do persoal. Deben definirse os postos estruturais que deben existir en funcións dos servizos municipais e das competencias locais que lle corresponden ao Concello. Valorar correctamente os postos dende un punto de vista económico e definir as súas funcións, incardinándoas dentro do organigrama do Concello. E todo isto, como paso previo para a súa cobertura definitiva, mediante a aprobación da OEP e posterior convocatoria; respectando en todo caso as condicións que establezan as Leis de Orzamentos Xerais do Estado (taxa de reposición de efectivos).

Finalmente, cabe sinalar que neste intre se está a incumprir o artigo 92 bis da LBRL que sinala que as funcións de tesourería quedan reservadas ao corpo de funcionarios con habilitación de carácter nacional, sen recoller excepción ningunha en función do número de habitantes. Chegado o 1 de xaneiro sen que se teña visto prorrogada a disposición transitoria sétima da Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da administración local, e non téndose arbitrado ningunha solución normativa alternativa, resulta que todos os Concellos cuxa poboación sexa inferior a 20.000 habitantes deberán contar necesariamente cun posto reservado a funcionarios con habilitación de carácter nacional, para exercer a través do mesmo as funcións asignadas á tesourería local. Quérese deixar constancia de que a non reserva, no marco legal actual, comporta o incumprimento da Lei de Bases de Réxime Local.

O instrumento oportuno para levar a cabo este proceso de adaptación do persoal que presta o seus servizos no Concello é a Relación de Postos de Traballo, documento de existencia obrigatoria en tódalas Administracións Públicas.

QUINTO: Suficiencia dos créditos iniciais

Dentro deste apartado teranse en conta os seguintes aspectos:

- **Gastos que deben aprobarse por recoñecemento extraxudicial**

Inclúese a consignación precisa para as facturas que deban aprobarse por recoñecemento extraxudicial, das que se ten coñecemento e non están rexeitadas.

- **Resto de previsións de gastos**

Segundo a Memoria e Informe Económico-Financeiro suscritos pola Alcaldía os créditos consignados son suficientes para atender os gastos ordinarios de funcionamento do Concello de Lousame.

Sen embargo, só pode garantirse a suficiencia se os Departamentos Xestores do gasto público levan a cabo un estricto cumprimento e seguemento das dispoñibilidades orzamentarias existentes en cada momento.

SEXTO: Avaliación das previsións de ingresos



Para a elaboración das previsións atendeuse, fundamentalmente, aos dereitos liquidados do exercicio anterior, as ordenanzas en vigor e as previsións de ingresos en función dos dereitos xa liquidados no 2017.

SÉTIMO: Aforro neto

O aforro neto é unha das principais magnitudes a ter en conta pola súa relevancia, tanto en materia de autorización de endebedamento, como por reflectir a capacidade de xerar recursos correntes tanto para novo endebedamento como para acometer investimentos.

Segundo a DF 31 da LOXE:

<<Las entidades que presenten ahorro neto negativo o un volumen de endeudamiento vivo superior al recogido en el artículo 53 del Texto Refundido de la Ley Reguladora de las Haciendas Locales, aprobado por Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, no podrán concertar operaciones de crédito a largo plazo>>

A continuación preséntase o cálculo do aforro neto, definido no artigo 53.1 TRLFL:

*"(...) A estes efectos entenderase por aforro neto das entidades locais e os seus organismos autónomos de carácter administrativo a **diferenza entre os dereitos liquidados por capítulos uno a cinco, ambos inclusive, do estado de ingresos, e das obrigacións recoñecidas polos capítulos un, dous e catro do estado de gastos, minorada no importe dunha anualidade teórica de amortización da operación proxectada e de cada un dos préstamos e empréstitos propios e avalados a terceiros pendentes de reembolso.***

O importe da anualidade teórica de amortización, de cada un dos préstamos a longo prazo concertados e dos avalados pola corporación pendentes de reembolso, así como a da operación proxectada, determinarase en todo caso, en termos constantes, incluíndo os intereses e a cota anual de amortización, calquera que sexa a modalidade e condicións de cada operación. (...)

No aforro neto non se incluírán as obrigacións recoñecidas, derivadas de modificacións de créditos, que sexan financiadas con remanente líquido de tesouraría. (...)"

A DA 14ª RDL 20/2011, do 30 de decembro, modificou o cálculo do aforro neto modificando, á súa vez, o artigo 14 do RDL 8/2010, do 20 de maio. Asemade, a DF 31ª da Lei 17/2012, do 27 de decembro, dos orzamentos xerais do Estado modificou a DA 14ª RDL 20/2011 desde o 1 de xaneiro de 2013 e con vixencia indefinida no seguinte sentido:

*"Para a determinación dos ingresos correntes a computar no cálculo do aforro neto e do nivel de endebedamento, **deducirase o importe dos ingresos afectados a operacións de capital e calquera outros ingresos extraordinarios** aplicados aos capítulos 1 a 5 que, pola súa afectación legal e/ou carácter non recorrente, non teñan a consideración de ingresos ordinarios".*



A continuación detállase o cálculo da anualidade teórica de amortización, tal e como aparece redactado na "Guía para a tramitación e resolución dos expedientes de autorización de endebedamento competencia da Dirección Xeral de Coordinación Financeira coas Entidades Locais" (<http://www.minhap.gob.es/ca-ES/Areas%20Tematicas/Administracion%20Electronica/Paginas/Gu%C3%ADa%20de%20endeudamiento%20local.aspx>):

"La anualidad teórica de amortización comprensiva de los intereses y cuota de amortización se obtendrá de la suma algebraica de las anualidades teóricas de cada uno de los préstamos concertados y avalados a largo plazo pendientes de reembolso, estén o no dispuestos, incluida la operación u operaciones proyectadas y excluidas las operaciones de crédito garantizadas con hipoteca sobre bienes inmuebles, en proporción a la parte de préstamo afectado por dicha garantía, calculada en términos constantes, aplicando la siguiente fórmula:

$$A = (C \cdot i) / (1 - (1 + i)^{-n}), \text{ siendo:}$$

A=Anualidad Teórica.

C= Capital inicial o principal, se halle o no dispuesto a la fecha en que se efectúa el cálculo, debiendo constar ésta en el expediente.

i=Tasa anual equivalente (TAE) que incluya el coste financiero total - intereses y comisiones asociados a la operación, expresado en tanto por uno. Para la operación proyectada se utilizará la TAE prevista a partir de la formalización, según oferta bancaria y para el resto de operaciones se empleará la TAE que se indica en el extracto bancario de la última liquidación de intereses.

n= Duración total del préstamo, incluidos, en su caso, los años de carencia"

Para o cálculo da "Anualidade Teórica de Amortización" é preciso realizar unha estimación do tipo de xuro de referencia, que neste caso, é o euríbor. Actualmente este tipo está en valores negativos, incluso nos períodos de 12 meses, co que non se entima unha subida a importes positivos. Non obstante, por un principio de prudencia utilizarase o dato de **0,01 %**

Seguindos estes parámetros, o cálculo da **Anualidade Teórica de Amortización (ATA)**, é o que se indica:

ENTIDAD	PRESTAMO Nº	IMPORTE FORMALIZADO	TIPO DE XURO	PERIODICIDAD E NA LIQUIDACIÓN	PLAZO	TIPO A APLICAR	ATA
BBVA	896	160.000 €	Euribor 3M + 0,20	Trimestral	12 + 2 de carencia	0,21 %	13.505,54
SANTANDER	103	69.347,72 €	Euribor 6M + 0,05	Semestral	10 anos	0,06 %	6.956,64
BBVA ¹	405	22.410,44 €	Euribor 3M+1,49	Trimestral	4 anos	1,50 %	5.782,86
DEPUTACIÓN ²	PAI 2015	175.305,79 €	0,00	Semestral	10 anos + 2 de carencia	0,00 %	17.530,58
DEPUTACIÓN ³	PAI 2016	177.421,55 €	0,00	Semestral	10 anos + 2 de carencia	0,00 %	17.742,16



DEPUTACIÓN (operación proxeitada 2017)	Préstamo provincial 2017	177.525,93 €	0,00	Semestral	10 anos + 2 de carencia	0,00 %	17.752,59
ATA TOTAL							79.270,37 €

(1) BBVA 405: Este préstamo sufriu 2 amortizacións extraordinarias de capital co PAI 2015 e 2016, por importe total de 63.223,71 €. Para non duplicar o capital pendente (que agora se debe á Deputación Provincial) e calcular unha ATA o máis axustada posible á realidade; para o seu cálculo tómasse en conta o que se debe a 31.12.2016 (22.410,44 €) e os anos que faltan para a finalización deste préstamo (finaliza en outubro do 2021).

(2) Deputación – PAI 2015: O importe total do préstamo provincial PAI 2015 quedou fixado en 175.305,79 €, polas baixas na adxudicación das obras que se contrataron con cargo a este préstamo provincial:

PAI 2015		
Concepto	Importe aprobado	Importe concedido tras xustificar
Redución endebedamento	35.537,97 €	35.537,97 €
Obra "Pousada"	49.279,27 €	48.779,26 €
Obra "Luminarias"	75.110,02 €	58.820,00 €
Subministración "Colectores"	30.299,78 €	30.168,56 €
Total	192.227,04 €	175.305,79 €

(3) Deputación – PAI 2016: Do PAI 2016 só está executado a amortización de débeda coas entidades bancarias, por importe de 25.685,74 €. Como os investimentos non están adxudicados, tómasse o importe máximo que pode alcanzar o PAI 2016, para facer o cálculo da ATA:

PAI 2015		
Concepto	Importe aprobado	Importe concedido tras xustificar
Redución endebedamento	25.685,74 €	25.685,74 €
Obra "Seoane"	78.577,53 €	
Obra "Silvarredonda"	73.158,28 €	
Total	177.421,55 €	

Dos **Dereitos Recoñecidos Netos do exercicio 2016**, polos datos que se puxeron a disposición desta Intervención, **non existen ingresos extraordinarios nos capítulos 1 a 5 de ingresos.**

As **obrigas recoñecidas nos capítulos 1, 2 e 4 de gastos** no 2016 financiadas con **Remanente Líquido de Tesourería para Gastos Xerais** son:

— MC 3.2016 financiado con RLTX: **28.965,57 €**

Tendo en conta estes datos, procédese a calcular o **aforro neto**:



Capítulo de Ingresos	DRN 2016
1	484.054,48
2	41.686,62
3	342.589,28
4	1.249.802,42
5	126,67
Total Xeral	2.118.259,47
Ingresos extraordinarios	0
Ingresos correntes	2.118.259,47

Capítulo de Gastos	ORN 2016
1	870.937,72
2	872.334,19
4	156.519,38
Total Xeral	1.899.791,29
ORN financiadas con RLT	28.965,57
Gastos correntes	1.870.825,72

ATA	79.270,37
-----	-----------

AFORRO NETO	168.163,38 €
--------------------	---------------------

Como vemos, o aforro neto é POSITIVO.

OITAVO: Outras consideracións de carácter económico

Por parte desta Intervención considérase preciso facer fincapé nos seguintes aspectos de carácter económico:

1. A necesidade de axilizar e acurtar prazos nas tramitacións das facturas co fin de conseguir un prazo de pagamento dos 30 días no 2017 de acordo coa normativa de morosidade.
2. Continuar na liña de contención de gasto e axuste das contratacións ás dispoñibilidades orzamentarias, reforzando a utilización do sistema de proposta de gasto que garante a comprobación da existencia de crédito pola Intervención Municipal.

NOVENO: Cuestións relativas ás competencias municipais de acordo coa LRSAL

A Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local establece un novo marco na determinación das competencias municipais, determinando unha serie de áreas ou materias nas que os municipios terán competencias propias, nos termos da lei sectorial correspondente. Así, a



actuación do concello deberá suxeitarse á dita distribución de competencias. No caso de que non se acredite a existencia do dito título competencial, non se poderá levar a cabo ningunha actuación e, en consecuencia, a realización de ningún gasto.

O Concello de Lousame non acada os 5.000 habitantes, polo que os servizos mínimos que correspóndelle prestar, de acordo co artigo 26 LBRL, son os seguintes:

┐ **Alumeado público.** O artigo 26 LBRL establece este servizo como mínimo e obrigatorio en todos os municipios. Acredítase a competencia neste servizo.

┐ **Cemiterios.** O artigo 26.1.a) LBRL establece estes servizos como mínimos e obrigatorios en todos os municipios. Acredítase a competencia neste servizo.

┐ **Recollida de residuos.** O artigo 26.1.a) LBRL establece estes servizos como mínimos e obrigatorios en todos os municipios. Acredítase a competencia neste servizo.

┐ **Limpeza viaria.** O artigo 26.1.a) LBRL establece estes servizos como mínimos e obrigatorios en todos os municipios. Acredítase a competencia neste servizo.

┐ **Abastecemento domiciliario de auga potable.** O artigo 26.1.a) LBRL establece estes servizos como mínimos e obrigatorios en todos os municipios. Acredítase a competencia neste servizo.

┐ **Saneamento.** O artigo 26.1.a) LBRL establece estes servizos como mínimos e obrigatorios en todos os municipios. Acredítase a competencia neste servizo.

┐ **Acceso aos núcleos de poboación.** Artigo 26.1.a) LBRL establece estes servizos como mínimos e obrigatorios en todos os municipios. Acredítase a competencia neste servizo.

┐ **Pavimentación de vías públicas.** O artigo 26.1.a) LBRL establece estes servizos como mínimos e obrigatorios en todos os municipios. Acredítase a competencia neste servizo.

┐ **Parque público.** O artigo 26.1.b) LBRL establece estes servizos como mínimos e obrigatorios nos municipios cunha poboación superior a 5.000 habitantes. Acredítase a competencia neste servizo.

┐ **Biblioteca pública.** O artigo 26.1.b) LBRL establece estes servizos como mínimos e obrigatorios nos municipios cunha poboación superior a 5.000 habitantes. Acredítase a competencia neste servizo.

┐ **Tratamento de residuos.** O artigo 26.1.b) LBRL establece estes servizos como mínimos e obrigatorios nos municipios cunha poboación superior a 5.000 habitantes. Acredítase a competencia neste servizo.

O artigo 25 LBRL establece as seguintes competencias propias municipais nos termos da normativa sectorial estatal ou autonómica.

Deberá verificarse que a dita normativa sectorial atribúe as competencias que foron exercidas polo concello e que se reflicten nos conceptos facturados na relación:



┐ **Urbanismo:** planeamento, xestión, execución e disciplina urbanística. Protección e xestión do Patrimonio histórico. Promoción e xestión da vivenda pública con criterios de sustentabilidade financeira. Conservación e rehabilitación da edificación.

┐ **Medio ambiente urbano:** en particular, parques e xardíns públicos, xestión dos residuos sólidos urbanos e protección contra a contaminación acústica, lumínica e atmosférica nas zonas urbanas.

┐ Abastecemento de **auga potable a domicilio** e evacuación e tratamento de **augas residuais**.

┐ **Infraestrutura viaria** e outros equipamentos da súa titularidade.

┐ Avaliación e información de **situacións de necesidade social** e a **atención inmediata** a persoas en **situación ou risco de exclusión social**.

Tras a entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local, hai que ter en conta a súa disposición transitoria segunda:

"Disposición transitoria segunda. Asunción polas Comunidades Autónomas das competencias relativas aos servizos sociais

1. Con data do 31 de decembro de 2015, nos termos previstos nas normas reguladoras do sistema de financiamento autonómico e das facendas locais, as Comunidades Autónomas asumirán a titularidade das competencias que se prevían como propias do municipio, relativas á prestación dos servizos sociais e da promoción e reinserción social.

As Comunidades Autónomas asumirán a titularidade destas competencias, con independencia de que o seu exercicio se viñese realizando por Municipios, Deputacións Provinciais ou entidades equivalentes, ou calquera outra entidade local".

Sen embargo esta DT 2ª da LRSAL foi declarada inconstitucional e nula por sentenza do Tribunal Constitucional 41/2016 do 3 de marzo (BOE do 08.04.2016)

┐ **Policía local, protección civil, prevención e extinción de incendios.**

┐ **Tráfico, estacionamento de vehículos e mobilidade. Transporte colectivo urbano.**

┐ Información e promoción da **actividade turística** de intereses e ámbito local.

┐ **Feiras, abastos, mercados, lonxas e comercio ambulante**

┐ Protección da **salubridade públicas**

┐ **Cemiterios** e actividades **funerarias**

┐ Promoción do **deporte** e **instalacións deportivas** e de **ocupación do tempo libre**

┐ Promoción da **cultura** e **equipamentos culturais**



Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concellodelousame.com
concellodelousame@concellodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c

000121

Participar na **vixilancia** do cumprimento da **escolaridade obrigatoria** e **cooperar** coas Administracións educativas correspondentes na **obtención dos soares** necesarios para a **construción de novos centros** docentes. A **conservación, mantemento e vixilancia** dos **edificios de titularidade local** destinados a centros públicos de educación infantil, de educación primaria ou de educación **especial**.

Promoción no seu termo municipal da **participación dos cidadás** no **uso eficiente e sustentable** das **tecnoloxías** da información e comunicacións.

4. CONCLUSIÓNS

Esta Secretaría-Intervención emite informe favorable no relativo aos aspectos de verificación da legalidade e coas observacións realizadas ao longo deste informe, especialmente no tocante á necesidade de tramitación e aprobación da Relación de Postos de Traballo de Concello de Lousame e á adaptación do posto de tesourería ás previsións do artigo 92 bis da LRBRL.

E todo isto, sen prexuízo do que se informe en relación coa estabilidade orzamentaria, que será obxecto de análise nun informe independente.

Este é o meu informe e as recomendacións que considero necesarias e convenientes para unha mellora da situación financeira e orzamentaria desta Administración, sen prexuízo doutra opinión superior tanto en dereito, coma no aspecto económico-financeiro.

Lousame, 27 de xullo de 2017

A Secretaría-Interventora

Paula Ares Otero

Visto. Achéguese ao expediente

A Alcaldesa

Ma Teresa Villaverde Pais



Lousame, a 27 de xullo de 2017

Asunto: Avaliación do cumprimento do obxectivo de estabilidade orzamentaria e do límite de débeda con motivo da aprobación do orzamento para o ano 2017

INFORME DA INTERVENCIÓN

Paula Ares Otero, Secretaria-Interventora do Concello de Lousame, en réxime de acumulación de funcións, en cumprimento do artigo 16 do Real Decreto 1463/2007, do 2 de novembro, polo que se aproba o regulamento da Lei de estabilidade orzamentaria na súa aplicación ás Entidades Locais, así como do disposto na Lei Orgánica 2/2012, do 27 de abril, de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira, informo o seguinte en relación co cumprimento do principio de estabilidade orzamentaria no orzamento do 2016 e do límite de débeda:

PRIMEIRO. Normativa reguladora do principio de estabilidade orzamentaria no Sector Público Local, de cálculo da regra de gasto e das obrigacións de subministración de información.

- ~ Lei Orgánica 2/2012, do 27 de abril, de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira (LOEPSF).
- ~ Real Decreto 1463/2007, do 2 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de desenvolvemento da estabilidade orzamentaria, na súa aplicación ás entidades locais (Regulamento).
- ~ Orde Ministerial HAP/2015/2012, do 1 de outubro, pola que se desenvolven as obrigas de subministración de información previstas na LOEPSF (OM)
- ~ O documento que aparece na Oficina Virtual de coordinación financeira coas entidades locais, polo que se materializan as obrigacións de subministración de información.
- ~ Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, (TRLRFL) que aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, en relación ao principio de estabilidade orzamentaria (artigos 54.7 e 146.1).
- ~ Manual de cálculo do déficit en contabilidade nacional adaptado ás Corporacións Locais, publicado pola Intervención Xeral da Administración do Estado, Ministerio de Economía e Facenda.
- ~ Guía para a determinación da Regra de Gasto do artigo 12 da LOEPSF para corporacións locais, 2ª edición. IXAE (12/03/2013).
- ~ Regulamento núm. 549/2013, do Parlamento Europeo e do Consello, do 21 de maio (DOCE 26-06-2013), que aproba o SEC 2010
- ~ Manual do SEC 95 sobre o déficit público e a débeda pública, publicado por Eurostat.
- ~ Regulamento 2223/1996 do Consello da Unión Europea.
- ~ Regulamento 2516/2000, do Consello da Unión Europea

Con carácter previo, debe realizarse a matización de que o Real Decreto Lexislativo 2/2007, do 28 de decembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de estabilidade orzamentaria (TRLEO), foi derogado pola Lei Orgánica 2/2012, do 27 de abril, de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira (LOEPSF), que entrou en vigor o 1 de maio de 2012, polo que deberá terse en conta neste informe.



Por outra banda, a LOEPSF non derroga expresamente o RD 1463/2007 polo que aproba o Regulamento de desenvolvemento da Lei 18/2001, do 12 de decembro, de estabilidade orzamentaria, na súa aplicación ás entidades locais, nin existe actualmente normativa de desenvolvemento da LOEPSF, especialmente polo que se refire á súa aplicación concreta ás entidades locais, polo que enténdese que o RD 1463/2007 continúa vixente en tanto non se dite a dita normativa de desenvolvemento e en aqueles aspectos nos que non entre en contradición coa LOEPSF.

SEGUNDO.- Obxectivo de estabilidade orzamentaria

Concepto:

O Concello de Lousame, en calidade de ente territorial típico, segundo o artigo 2.1.c) da LOEOSF, debe medir a súa estabilidade orzamentaria en termos de capacidade ou necesidade de financiamento SEC 95 (artigo 3): *"a elaboración, aprobación e execución dos orzamentos e demais actuacións que afecten aos gastos ou ingresos dos distintos suxeitos comprendidos no ámbito de aplicación desta lei realizarase nun marco de estabilidade orzamentaria, coherente coa normativa europea. Entenderase por estabilidade orzamentaria das Administracións Públicas a situación de equilibrio ou superávit estrutural"*

O principio de estabilidade orzamentaria concrétese nese artigo 3.1 da LOEOSF como a situación de equilibrio ou superávit estrutural. Este obxectivo débese determinar desde a perspectiva do Sistema Europeo de Contas Nacionais e Rexionais (artigo 11.6 LOEOSF)

Pódese definir a estabilidade orzamentaria como a existencia dun equilibrio en termos de orzamentación, execución e liquidación, entre os ingresos e os gastos de natureza non financeira, de tal forma que, se os ingresos non financeiros superan aos gastos non financeiros, teríamos capacidade de financiamento. Para o caso inverso, é dicir, que os gastos non financeiros fosen superiores aos ingresos non financeiros, estaríase ante unha situación de necesidade de financiamento, polo que existiría inestabilidade, sen prexuízo do cal, se non se superan os límites fixados polo goberno para cada exercicio económico, non resultaría necesario tramitar Plan Económico Financeiro de Reequilibrio.

Segundo esta definición, a estabilidade orzamentaria conséguese cando a suma dos capítulos 1 a 7 do Estado de Ingresos é igual ou superior á suma dos Capítulos 1 a 7 do Estado de Gastos. Ese suposto poría de manifesto unha capacidade de financiamento, o cal podería implicar un decremento do endebedamento da Entidade Local. En caso contrario, se os gastos son maiores aos ingresos, reflicte unha necesidade de financiamento o cal suporá un incremento do volume de débeda neta da Administración.

O obxectivo de estabilidade orzamentaria será proposto polo Ministerio de Economía e Facenda e, previo informe da Comisión Nacional de Administración Local, aprobado polo Goberno. Segundo o acordo adoptado polo Consello de



Ministros o 02/12/2016, o obxectivo de estabilidade orzamentaria para as entidades locais, durante o período 2017-2019, identifícase co 0%; é dicir, establécese a posición de equilibrio ou superávit orzamentario.

Correspóndelle á Intervención local a avaliación do cumprimento deste obxectivo (segundo a artigo 16 do RLEO) mediante a emisión dun informe, de xeito independente, incorporándose aos emitidos con ocasión da aprobación, modificación ou liquidación do orzamento.

O cumprimento do obxectivo de estabilidade orzamentaria debe verificarse tanto na aprobación do orzamento anual, como nas modificacións orzamentarias e nas liquidacións dos orzamentos (art. 15.1 RD 1463/2007). En particular, o art. 16.2 do RD 1463/2007 establece que "a Intervención local elevará ao Pleno un informe sobre o cumprimento do obxectivo de estabilidade da propia entidade local e dos seus organismos e entidades dependentes. O informe se emitirá con carácter independente e incorporárase ós previstos nos artigos 168.4, 177.2 e 191.3 do TRLRFL, referidos, respectivamente, á aprobación do orzamento xeral, as súas modificacións e a súa liquidación".

De acordo con este artigo, cando o resultado deste informe sexa o incumprimento do obxectivo de estabilidade orzamentaria, deberá remitirse á Xunta de Galicia (por ser competencia desta a tutela financeira do Concello) no prazo de 15 días dende a toma de coñecemento polo Pleno de dito informe. Debe terse en conta que mentres que a aprobación do orzamento e dos créditos extraordinarios e suplementos de crédito son competencia do Pleno, as restantes modificacións orzamentarias e a aprobación da Liquidación do orzamento son competencia da Alcaldía. En consecuencia, e posto que o art. 16.2 fala do coñecemento polo Pleno do informe sobre estabilidade orzamentaria tamén nestes supostos, dedúcese que no caso destas materias que non son de competencia do Pleno (como a liquidación do orzamento), deberá remitirse o dito informe aos ditos órganos para o seu coñecemento e no prazo de 15 días dende entón deberá remitirse á Xunta de Galicia.

Cálculo:

Considérase que un orzamento se aproba en situación de estabilidade orzamentaria cando a diferenza existente entre os ingresos non financeiros previstos e os gastos non financeiros igualmente previstos é cero ou maior que cero; isto é, a diferenza entre a suma das previsións de ingresos dos capítulos 1 a 7 do estado de ingresos e a suma dos créditos iniciais dos capítulos 1 a 7 do estado de gastos.

Posteriormente, será necesario realizar unha serie de axustes para adaptar a contabilidade española á europea, sendo estes axustes determinados pola IGAE, se ben a Subdirección Xeral de Relacións Financeiras coas Entidades Locais engade algún máis ao mencionado pola IGAE como é o axuste por execución do orzamento.

O proxecto de Orzamento para o 2017 pon de manifesto os seguintes datos:



Concello de Lousame

ESTADO DE GASTOS: Gastos non financeiros		
Capítulo	Descrición	Importe
1	Gastos de Persoal	929.830,58
2	Gastos en bens correntes e de servizos	979.098,30
3	Gastos Financeiros	2.400,00
4	Transferencias correntes	202.712,29
6	Investimentos reais	715.056,81
7	Transferencias de capital	0,00
Total Gastos (1)		2.829.097,98
ESTADO DE INGRESOS: Ingresos non financeiros		
1	Impostos directos	442.000,00
2	Impostos indirectos	30.000,00
3	Taxas e outros ingresos	326.118,04
4	Transferencias correntes	1.457.881,36
5	Ingresos Patrimoniais	1.800,00
6	Alleamento de investimentos reais	0,00
7	Transferencias de capital	598.733,34
Total ingresos (2)		2.856.532,74
Estabilidade (+) ou inestabilidade (-) orzamentaria sen axustar : (3) = (2 - 1)		27.434,76

Polo tanto, antes de axustes, a o proxecto orzamentario para 2017 arroxa unha situación de **estabilidade orzamentaria cifrada en 27.434,76 €**

Para o cálculo da estabilidade orzamentaria é necesario realizar unha serie de axustes propostos pola Intervención Xeral do Estado (IGAE), no seu *Manual de Cálculo do Déficit Público*, a fin de adaptar a contabilidade pública estatal á contabilidade pública europea, derivados da existencia de diferenzas de imputación.

Os axustes SEC son os seguintes, de acordo cos formularios da Guía da comunicación publicados na Oficina Virtual das EE.LL.:

Identif.	Concepto (Previsión de axuste a aplicar aos importes de ingresos e gastos)	Importe do axuste a aplicar ao saldo orzamentario 2017 (+/-)	Observacións
GR000	Axuste por recadación ingresos capítulo 1	0	Este dato coñecerase na liquidación do orzamento 2017
GR000b	Axuste por recadación ingresos capítulo 2	0	Este dato coñecerase na liquidación do orzamento 2017
GR000c	Axuste por recadación ingresos capítulo 3	0	Este dato coñecerase na liquidación do orzamento 2017



Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concellodelousame.com
concellodelousame@concellodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c

000124

GR001	(+) Axuste pola liquidación PTE 2008	4.781,64	Reintegro no 2016 devolucións negativas 2008
GR002	(+) Axuste pola liquidación PTE 2009	11.379,00	Reintegro no 2016 devolucións negativas 2009
GR002b	(+/-) Axuste pola liquidación PTE de exercicios distintos a 2008 e 2009	13.016,16	Reintegro no 2016 devolucións negativas 2013
GR006	Xuros	0,00	Non se aplica este axuste polo principio de importancia relativa
GR006b	Diferenzas de cambio	0,00	Non se da este suposto
GR015	Axustes polo grao de execución do gasto	0,00	Non se aplica este suposto por non dispor da información suficiente.
GR009	Investimentos realizadas por conta da corporación local	0,00	Non se da este suposto
GR004	Ingresos por vendas de accións (privatizacións)	0,00	Non se da este suposto
GR003	Dividendos e participacións en beneficios	0,00	Non se da este suposto
GR016	Ingresos obtidos do orzamento da Unión Europea	0,00	Non se da este suposto
GR017	Operacións de permuta financeira (SWAPS)	0,00	Non se da este suposto
GR018	Operacións de reintegro e execución de avais	0,00	Non se da este suposto
GR012	Achegas de capital	0,00	Non se da este suposto
GR013	Asunción e cancelación de débedas	0,00	Non se da este suposto
GR014	Gastos realizados no exercicio pendentes de aplicar ao orzamento	0,00	Este dato coñecerase na liquidación do orzamento 2016
GR008	Adquisicións con pago aprazado	0,00	Non se da este suposto
GR008a	Arrendamento financeiro	0,00	Non se da este suposto
GR008b	Contratos de asociación público privada (APP's)	0,00	Non se da este suposto
GR010	Investimentos realizados pola corporación local por conta de outra Administración Pública	0,00	Non se da este suposto
GR019	Préstamos	0,00	Non se da este suposto
GR020	Devoluciones de ingresos pendientes de aplicar al presupuesto	0,00	Este dato coñecerase na liquidación do orzamento 2016
GR021	Consolidación de transferencias con outras AAPP	0,00	Este dato coñecerase na liquidación do orzamento de 2016



GR099	Outros	0,00	Non se da este suposto
Total de axustes ao saldo orzamentario		29.176,80	

A continuación expoño unha breve explicación en relación aos axustes realizados:

1. **AXUSTES NO ORZAMENTO DE GASTOS:**

Non se realiza axuste ningún, nuns casos porque os datos coñeceranse no momento da liquidación do Orzamento de 2017 e noutros, polo principio de importancia relativa.

Observación: Axuste polo grao de execución do gasto (GR015)

Este axuste no caso de ser positivo incrementa o saldo orzamentario (menor déficit, maior estabilidade orzamentaria). Pola contra se é negativo diminuírá o saldo orzamentario (maior déficit, menor estabilidade orzamentaria)

Trata de definir en que medida os créditos consignados no capítulo 1 a 7 de gastos, chegan a converterse en obrigacións recoñecidas.

Para proceder ao seu cálculo débese aplicar a porcentaxe de execución do orzamento de gastos sobre o importe dos créditos iniciais dos gastos non financeiros (capítulos 1 a 7). Segundo a Guía para a determinación da regra do gasto elaborada pola IXAE, débense tomar os datos dos últimos tres exercicios orzamentarios con liquidación aprobada (2014, 2015 e 2016). E logo deducir os valores atípicos.

Para realizar correctamente este cálculo precísase dispor da información suficiente; sobre todo para poder determinar a existencia de valores atípicos.

A delimitación do concepto de **valores atípicos** ten unha **gran influencia no cálculo e o resultado do grao de execución** e, polo tanto, na estimación do cumprimento ou non da regra de gasto.

A IXAE matizou este concepto nunha consulta formulada polo Colexio Oficial dos FHE de Ourense:

"Enténdese por un valor atípico, un valor moi distinto do resto, que fai que a media aritmética non sexa representativa do grupo de valores considerado. Aos efectos deste axuste, consideraranse valores atípicos aqueles gastos cuxa inclusión desvirtúa a media aritmética que opera como límite da porcentaxe estimada do grao de execución do orzamento.

Entre outros consideraranse valores atípicos, sempre que cumpran co disposto no parágrafo anterior:



- Os **gastos de natureza extraordinaria** derivados de situacións de emerxencia, acontecementos catastróficos, indemnizacións aboadas en virtude de sentenzas xudiciais e similares.
- Os **gastos financiados con subvencións finalistas** procedentes da Unión Europea ou doutras Administracións Públicas, dado que estes gastos non se inclúen no cálculo do gasto computable para a determinación da regra de gasto.
- Os **gastos financiados con dereitos procedentes do alleamento de terreos e investimentos reais coñecidos no mesmo exercicio**, dado que no cálculo do gasto computable considérase o investimento neto.
- Os **gastos financiados a través do mecanismo extraordinario de pagamento a provedores**.

Se esta media é negativa (positiva) implicará unha execución inferior (superior) aos créditos iniciais e a porcentaxe estimada do grao de execución non poderá ser superior (inferior) a esta media dando lugar a un axuste que diminuírá (aumentará) os empregos non financeiros.”

Analizando o informe da Intervención do expediente orzamentario para o exercicio 2015 non se realizou este axuste no cálculo da estabilidade orzamentaria; polo que non se dispón da porcentaxe de execución relativa aos exercicios 2014 (grao de inexecución ou sobre-execución) á que habería que engadir a porcentaxe de execución derivada da liquidación do Orzamento de 2015 e 2016 (que si elaborou esta funcionaria). Posteriormente habería que deducir os valores atípicos existentes en cada exercicio (2014, 2015 e 2016), valores que a funcionaria que subscribe descoñece (poño de manifesto que estou desempeñando esta Secretaría-Intervención en réxime de acumulación de funcións)

Por non posuír a información precisa para realizar correctamente este cálculo é polo que non se aplica este axuste.

De tódolos xeitos, do resultado da liquidación 2015 e 2016, saíu unha inexecución do orzamento de gastos. Aplicar calquera porcentaxe de inexecución, suporía un axuste positivo en estabilidade (maior estabilidade). Así, o feito de non facer este axuste, supón un cálculo máis prudente da estabilidade orzamentaria.

2. AXUSTES NO ORZAMENTO DE INGRESOS:

2.1 Axustes pola PTE (GR001, GR002, GR002b)

Na contabilidade nacional (*europea*) os pagos mensuais a conta dos impostos cedidos e dos Fondos Complementarios de Financiamento rexístranse no período en que se pagan polo Estado, e a liquidación definitiva resultante no momento en que se determina a súa contía e se realiza o ingreso.

Pero é preciso realizar os seguintes axustes, que de seguido se explican: *Axuste polo reintegro no 2017 das liquidacións negativas dos exercicios 2008, 2009 e 2013 na PTE*

O importe dese reintegro constitúe un **axuste positivo (menor déficit)**, que opera sumando dito importe aos DRN no concepto 42000 do exercicio 2017. Estes



reintegros ou devolucións de liquidacións negativas contabilízanse en contabilidade orzamentaria coma devolucións de ingresos indebidos, figurando na liquidación orzamentaria, no apartado de "Dereitos Anulados" e diminuindo os DRN do exercicio 2017.

Polo tanto, os axustes concrétnanse nas seguintes cantidades:

GR001 Axuste pola liquidación PTE 2008	4.781,64
GR002 Axuste pola liquidación PTE 2009	11.379,00
GR002b Axuste pola liquidación PTE 2013	13.016,16

Despois de practicar os axustes, a situación é a seguinte:

Total Gastos antes de axustes (1)	2.829.097,98
Total ingresos antes de axustes (2)	2.856.532,74
Estabilidade (+) ou inestabilidade (-) orzamentaria sen axustar: (2 - 1)	27.434,76
Total gastos despois de axustes (3)	2.829.097,98
Total ingresos despois de axustes (4)	2.885.709,54
Estabilidade (+) ou inestabilidade (-) orzamentaria axustada: (4 - 3)	56.611,56

Ou, o que é o mesmo:

Saldo orzamentario antes de axustes (1)	27.434,76
Axustes ao saldo orzamentario (2)	29.176,80
Estabilidade (+) ou inestabilidade (-) orzamentaria axustada: (1 + 2)	56.611,56

Así, o resultado da avaliación do obxectivo de estabilidade orzamentaria **no proxecto de orzamento 2017** é de **superávit orzamentario de 56.611,56 €**:

Capacidade de financiamento antes de axustes	27.434,76
Axustes SEC	29.176,80
Superávit orzamentario (SO)	56.611,56
SO/PI	1,98 %

Así, pódese concluír que os créditos iniciais do Orzamento de 2017, que agora se queren aprobar, cumpren coa estabilidade orzamentaria.

TERCEIRO: Cumprimento da regra de gasto

O artigo 12 da Lei Orgánica de Estabilidade Orzamentaria esixe tamén ás Entidades Locais que a variación de gasto non supere a taxa de referencia de crecemento do PIB, correspondendo ao Ministerio a súa determinación.

Para as Corporacións locais cúmprese a Regra do Gasto, se a variación, en termos SEC, do gasto computable de cada Corporación Local, entre dous exercicios económicos, non supera a taxa de referencia de crecemento do Produto Interior Bruto (TRCPIB) de medio prazo da economía española, modificado, no seu caso, no



importe dos incrementos permanentes e diminucións de recadación derivados de cambios normativos.

O Consello de Ministros aprobou, xunto aos obxectivos de déficit público (0%) e de débeda pública para o período 2017-2019, a regra de gasto para os orzamentos do 2017, 2018 e 2019, isto é, 2,1 %, 2,3 % e 2,5% respectivamente.

Recentemente foi modificada a Orde HAP/2015/2012, de 1 de outubro, pola que se desenvolven as obrigas de subministro de información previstas na LOEOSF mediante Orde HAP/2082/2014, de 7 de novembro; concretamente a modificación dos artigos 15.3 c) e 16.4.

Esta modificación supón que non é preceptivo o informe da intervención local sobre o cumprimento da regra de gasto **en fase de elaboración do orzamento**, estando solo previsto como informe en fase de liquidación do orzamento.

Os citados artigos sinalan:

"Artículo 15 Obligaciones anuales de suministro de información

Con carácter anual se remitirá la siguiente información:

3. Antes del 31 de enero de cada año:

a) Los presupuestos aprobados y los estados financieros iniciales de todos los sujetos y entidades comprendidos en el ámbito de aplicación de esta Orden, de las inversiones previstas realizar en ejercicio y en los tres siguientes, con su correspondiente propuesta de financiación y los estados de previsión de movimiento y situación de la deuda.

Si a 31 de enero no se hubiera aprobado el Presupuesto, deberá remitirse el prorrogado con las modificaciones derivadas de las normas reguladoras de la prórroga, hasta la entrada en vigor del nuevo Presupuesto.

b) La información que permita relacionar el saldo resultante de los ingresos y gastos del presupuesto con la **capacidad o necesidad de financiación**, calculada conforme a las normas del Sistema Europeo de Cuentas.

c) El informe de la intervención de evaluación del cumplimiento del **objetivo de estabilidad y del límite de la deuda**"

"Artículo 16 Obligaciones trimestrales de suministro de información

Antes del último día del mes siguiente a la finalización de cada trimestre del año se remitirá la siguiente información:

3. La información que permita relacionar el saldo resultante de los ingresos y gastos del presupuesto con la capacidad o necesidad de financiación, calculada conforme a las normas del Sistema Europeo de Cuentas.

4. La actualización del informe de la intervención del cumplimiento del objetivo de estabilidad y del límite de la deuda. Asimismo, la intervención realizará una valoración del cumplimiento de la regla de gasto al cierre del ejercicio".

Así, trimestralmente deberá facerse unha valoración do cumprimento da regra do gasto ao peche do exercicio de que se trate.

Aínda que non sexa preciso, o informe da intervención sobre o cumprimento da regra do gasto en fase de elaboración do orzamento, considero que debe procederse ao seu cálculo, para garantir que os créditos iniciais do proxecto do orzamento 2017 cumpren coa dita regra do gasto.

**Cálculo do gasto computable:**

Segundo a IGAE este cálculo realízase partindo da liquidación do orzamento de 2016 ou da súa estimación; isto é, sobre as base das obrigas recoñecidas no capítulo 1 a 7 deducindo as cantidades contabilizadas no capítulo 3 (gastos financeiros) que se corresponden con xuros, así coma o gasto financiado con fondos finalistas procedentes da UE ou doutras AAPP.

Débase comparar o gasto computable de 2016 (aprobado con ocasión da liquidación do orzamento do 2016) incrementado na taxa de crecemento co gasto computable do proxecto do orzamento de 2017.

O gasto computable serán os empregos non financeiros definidos polo SEC, excluídos os xuros da débeda e a parte de gasto financiado con fondos finalistas procedentes da UE ou doutras AAPP.

CI DO ORZAMENTO 2017		Computa a efectos da regra do gasto	
RESUMO POR CAPÍTULO		RESUMO POR CAPÍTULO	
CAPÍTULO 1	929.830,58	CAPÍTULO 1	929.830,58
CAPÍTULO 2	979.098,30	CAPÍTULO 2	979.098,30
CAPÍTULO 3	2.400,00	CAPÍTULO 3	0,00
CAPÍTULO 4	202.712,29	CAPÍTULO 4	202.712,29
CAPÍTULO 6	715.056,81	CAPÍTULO 6	715.056,81
CAPÍTULO 7	0,00	CAPÍTULO 7	0,00
TOTAL	2.829.097,98	TOTAL	2.826.697,98

Concepto	Liquidación 2016	CI Orzamento 2017
Total Empleos non financeiros antes de axustes (cap. 1 a 7 2016 deducidos gastos financeiros)	2.403.234,30	2.826.697,98
Axustes. Cálculo dos empregos financeiros segundo o SEC		
(-) Alleamentos de terreos e demais investimentos reais	0	0
(+/-) Invetimentos realizados por empresas que non son AAPP por conta da CCLL	0	0
(+/-) Invetimentos realizados pola CCLL por conta doutra AAPP	0	0
(+/-) Execución de avais	0	0
(+) Achegas de capital	0	0
(+/-) Asunción e cancelación de débeda	0	0
(+/-) Gastos realizados no exercicio pendentes de aplicar ao orzamento	6.348,16 € (Gastos exercicios anteriores aplicados ao 2016: -74.231,13 €. Gastos 2016 non aplicados ao 2016: 80.579,29 €)	-7.916,12 (Gastos exercicios anteriores ao 2017 que se aplican ao 2017, estando o crédito consignado inicialmente)



(+/-) Pagos a socios privados realizados no marco das asociacións público-privadas	0	0
(+/-) Adquisicións con pago aprazado	0	0
(+/-) Arrendamento financeiro	0	0
(+) Préstamos	0	0
(-) Mecanismo extraordinario de pagamento a provedores 2012	0	0
(+/-) Axuste polo grao de execución	0	0
Total empregos financeiros despois de axustes	2.409.582,46	2.818.781,86

	Liquidación 2016	CI Orzamento 2017
(-) Pagamentos por transferencias a outras entidades que integran a Administración Local	0	0
(-) Gasto financiado con fondos finalistas	719.660,45	1.216.813,78
(-) Transferencias por fondos dos sistemas de financiamento	0	0
Total gasto computable exercicio	1.689.922,01	1.601.968,08

Desagregación do gasto financiado con fondos finalistas no proxecto do Orzamento 2017:

Gasto financiado con fondos finalistas nos créditos iniciais do Orzamento 2017	
Unión Europea	0,00
Estado	0,00
Comunidade Autónoma	456.274,52
Deputación Provincial	746.550,92
Outras Administracións	13.988,34
TOTAL	1.216.813,78

Subvencións da Xunta de Galicia	
Concepto	Importe en euros
Tratamentos preventivos (extinción incendios)	7.806,00
Mantemento Secretaría Xulgado de Paz	8.500,00
Plan Concertado. Servizos Sociais	16.815,00
Punto Atención á Infancia	9.211,22
AEDL	7.271,37
Gastos funcionamento Xulgado de Paz	2.297,18
Arquivo municipal	5.000,00



OMIX. Mocidade creativa	6.000,00
Xuventude Activa OMIX	4.800,00
OMIX. Deseñando o teu futuro	1.280,00
SAF Dependencia	149.885,13
Lousame Concilia	11.732,45
Socorrista piscina	2.353,00
Mellora infraestruturas parque público A Silva	40.000,00
Adquisición mini-escavadora (FCA)	19.273,21
Mellora enerxética na Casa Consistorial	17.049,97
Mellora infraestruturas no PAI	26.118,00
Equipamento escénico Casa da Cultura	9.245,98
Xeodestino ría Muros-Noia	40.080,00
Camiño Gandarela a Minas San Finx	54.573,00
Bomba calor San Xusto	13.605,24
Caldeiras biomasa local social Vilacova	3.197,77
TOTAL	456.274,52€

Subvencións da Deputación Provincial	
Concepto	Importe en euros
Plan único Gasto corrente	268.353,15
Plan único Pago provedores	14.636,44
Servizos Sociais Comunitarios (auxiliar)	19.929,82
Servizos Sociais Comunitarios (educadora)	13.928,85
Servizos Sociais Comunitarios (SAF)	17.643,83
Animadores Culturais	12.000,00
Técnico Deportivo	15.000,00
Escola de Música	8.500,00
Festival Maxia	3.150,00
Socorrista piscina	7.187,00
Acceso a Pousada e outro	40.830,87
Camiño Crons a Igrexa Camboño e outro	109.673,09
Camiño Croido Seoane e outro	122.827,22
Pavimentación vial principal Carantoña e outro	92.890,65
TOTAL	746.550,92

Subvencións doutras entidades	
Concepto	Importe en euros
Injuve - Emple@+ (FEMP)	4.800,00
Xeodestino ría Muros-Noia	9.188,34
TOTAL	13.988,34

(+/-) Incrementos/diminucións de recadación por cambios normativos	0,00 €
---	---------------

Gasto computable liquidación 2016	1.689.922,01
Taxa referencia crecemento PIB 2017	2,1 % (+ 35.488,36)
Gasto computable incrementado pola TRCPIB	1.725.410,37
Aumento/diminución recadación 2017	0
Gasto computable máximo 2017	1.725.410,37
Gasto computable CI orzamento 2017	1.601.968,08



Déficit (-) / Superávit (+) regra do gasto	(-) 123.422,29
--	----------------

De acordo cos datos anteriores, verifícase **o cumprimento da regra do gasto nos créditos iniciais do proxecto do orzamento para o 2017**, comparándoos co gasto computable resultante da última liquidación aprobada (a do exercicio 2016).

Estes cálculos serían para o suposto no que o orzamento se executase ao 100% segundo as súas previsións de gastos (proxección teórica), e se confirmasen os datos das obrigas financiadas con fondos finalistas.

Agora ben, debe realizarse un seguemento trimestral da execución real do orzamento (posibles inexecucións, aumento/diminución de obrigas financiadas con fondos finalistas, diferenza entre saldo final e inicial da conta 4130, modificacións orzamentarias que se realicen, etc), para comprobar que coa liquidación do exercicio 2017 tamén se producirá un cumprimento da regra do gasto.

Por outra banda, esta intervención remítese ao seu informe núm. 44/2017 do 18.04.2017, emitido con ocasión da liquidación do orzamento 2016, do que xa se deu conta ao Pleno, en relación á necesidade de elaborar un plan económico financeiro que permita no ano en curso e no seguinte cumprir coa referida regra do gasto.

CUARTO.- Outras magnitudes: límite da débeda

A DF 31 da LOXE, esixe para concertar novas operacións de crédito a longo prazo sen autorización, que o nivel de capital vivo non exceda do 75% dos ingresos correntes.

En canto ao seu cálculo, establece:

- Que para a determinación dos ingresos correntes hai que excluír calquera ingreso que se considere extraordinario.
- Hai que ter en conta tódalas operacións vixentes a **31 de decembro de 2016**, incrementado nos saldos das operacións formalizadas non dispostas e o importe da operación proxectada.
- Non se terán en conta os saldos que se deban reintegrar derivados das liquidacións definitivas da PTE.

Por outra banda, o artigo 53.2 TRLFL establece:

<<Precisarán de autorización de los órganos citados en el apartado 1 anterior, las operaciones de crédito a largo plazo de cualquier naturaleza, incluido el riesgo deducido de los avales, cuando el volumen total del capital vivo de las operaciones de crédito vigentes a corto y largo plazo, incluyendo el importe de la operación proyectada, exceda del 110 por ciento de los ingresos corrientes liquidados o devengados en el ejercicio inmediatamente anterior o, en su defecto, en el precedente a este último cuando el cómputo haya de realizarse en el primer semestre del año y no se haya liquidado el



presupuesto correspondiente a aquél, según las cifras deducidas de los estados contables consolidados de las entidades citadas en el apartado 1 de este artículo.

El cálculo del porcentaje regulado en el párrafo anterior se realizará considerando las operaciones de crédito vigentes, tanto a corto como a largo plazo, valoradas con los mismos criterios utilizados para su inclusión en el balance. El riesgo derivado de los avales se computará aplicando el mismo criterio anterior a la operación avalada.

Polo tanto hai que ter en conta as operacións tanto a largo como a corto vixentes, e deberán terse en conta os dereitos recoñecidos netos do 2016.

En canto ao capital vivo, prevese que o seu valor a 31/12/2017 sexa, en termos absolutos:

ENTIDAD	PRESTAMO Nº	CAPITAL VIVO A 31/12/2017 (PROXECTO ORZ)
BBVA	405	5.560,17
BBVA	896	40.000,00
SANTANDER	103	3.467,50
DEPUTACIÓN	PAI 2015	175.305,79
DEPUTACIÓN	PAI 2016	177.421,55
ABANCA	OPER. Tª	200.000,00
DEPUTACIÓN (operación proxectada)	Préstamo Provincial 2017	177.525,93* <i>*No suposto de que se execute na súa totalidade</i>
TOTAL		779.280,94

E o nivel de capital vivo, en termos porcentuais é:

Capital vivo a 31/12/2017	779.280,94
DRN 2016 1 a 5	2.118.259,47
Ingresos extraordinarios	0,00



Ingresos correntes computables	2.118.259,47
-----------------------------------	--------------

Nivel de endebedamento	36,79 %
---------------------------	---------

Polo tanto, a 31.12.2017, o concello cumprirá cos límites de nivel de endebedamento que se fixan na DA 14ª do RD-lei 20/2011 (inferior ao 75%)

QUINTO: Comprobación do cumprimento do límite de gasto non financeiro

O artigo 30 da Lei Orgánica de Estabilidade Orzamentaria esixe tamén ás Entidades Locais a mesma obrigación que a Unión Europea vén esixindo ao Estado, isto é, aprobar todos os anos un teito de gasto non financeiro, e verificar que cumpre co obxectivo de estabilidade orzamentaria e coa regra do gasto.

Neste sentido establece que as Entidades Locais deberán aprobar un límite máximo de gasto non financeiro, coherente cos obxectivos de estabilidade orzamentaria e a regra de gasto, que marcará o teito de asignación de recursos dos seus orzamentos.

Non se establece prazo para a súa aprobación, nin cal é o órgano competente para iso. Debería aprobarse, pola Presidencia, en virtude da cláusula de competencia residual establecida no artigo 21 da Lei 7/1985, e con anterioridade á aprobación do Orzamento de 2016.

Tampouco se establece na Orde Ministerial a obrigación de remisión de información sobre o teito de gasto.

Indícase que o límite de gasto non financeiro non é obxecto de control a través das obrigas trimestrais de remisión de información ao Ministerio de Facenda e que é moi difícil o seu cumprimento no caso de recepción de subvencións.

Así, o feito de que o Concello de Lousame se beneficie dunha subvención non prevista nas previsións iniciais do orzamento 2017 e cun coeficiente de financiamento de 1 e que non se tivese en conta para o cálculo do límite de gasto non financeiro pode supoñer o incumprimento deste límite máximo, xa que supón un maior gasto desta natureza.

Sen embargo, non afecta ao cumprimento da regra de gasto, xa que este gasto computable non se terá en conta a través do axuste das obrigas financiadas con subvencións finalistas.

Así, este límite resulta bastante inoperativo na xestión económico-orzamentaria dos entes locais, co engadido de que non está sendo obxecto de control.



Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concellodelousame.com
concellodelousame@concellodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c

SEXTO: Conclusións sobre o cumprimento do obxectivo de estabilidade orzamentaria e nivel de débeda.

O proxecto de orzamento para o ano 2017 do Concello de Lousame (A Coruña) cumpre o obxectivo de estabilidade orzamentaria entendido como a situación de equilibrio ou de superávit en termos de capacidade de financiamento de acordo coa definición contida no SEC 95, así como o obxectivo de débeda pública.

Este é o meu informe, que emito sen prexuízo doutro mellor fundado en dereito. De tódolos xeitos o órgano competente para resolver, no seu máis alto criterio, adoptará a decisión que estime máis conveniente ao interese xeral.

Lousame, a 27 de xullo de 2017

A Secretaria Interventora

Paula Ares Otero.

Visto. Acheguese ao expediente
A Alcaldesa

Asdo. M^a Teresa Villaverde Pais





Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concellodelousame.com
concellodelousame@concellodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c

PROPOSTA DA ALCALDÍA sobre aprobación do Orzamento Xeral para o exercicio 2017

D^a. M^a Teresa Villaverde Pais, Alcaldesa do Concello de Lousame (A Coruña), propón ao Pleno Corporativo a adopción do presente acordo:

<<Elaborado o proxecto de Orzamento do Concello de Lousame para o exercicio económico de 2017, así como os seus Anexos e as súas Bases de Execución e o cadro de persoal, de acordo co establecido polos artigos 168 e 169 do RD Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, e o artigo 18 do RD 500/1990, do 20 de abril, polo que se desenvolve o Capítulo I do Título VI da Lei 39/1988.

Vistos os informes da Secretaría-Intervención sobre os Orzamentos Xerais e sobre a estabilidade orzamentaria e nivel de endebedamento que constan no expediente.

Considerando os antecedentes expostos, o Pleno Corporativo, no uso das súas competencias, adopta o seguinte **ACORDO**:

Primeiro: Aprobar inicialmente os Orzamentos Xerais do Concello de Lousame para o exercicio económico 2017, xunto cos seus Anexos e as súas Bases de Execución, e cuxo resume por capítulos é o seguinte:

Estado de Gastos		Estado de Ingresos	
Operacións non financeiras		Operacións non financeiras	
2.829.097,98 €		2.856.532,74 €	
Gastos correntes		Ingresos correntes	
Capítulo	Importe	Capítulo	Importe
1	929.830,58	1	442.000,00
2	979.098,30	2	30.000,00
3	2.400,00	3	326.118,04
4	202.712,29	4	1.457.881,36
		5	1.800,00
Total	2.114.041,17	Total	2.257.799,40
Gastos de capital		Ingresos de capital	
6	715.056,81	6	
7		7	598.733,34
Total	715.056,81	Total	598.733,34
Operacións financeiras		Operacións financeiras	
39.908,79 €		12.474,03 €	
8		8	
9	39.908,79	9	12.474,03
Total	39.908,79	Total	12.474,03
Total EG	2.869.006,77	Total EI	2.869.006,77

Segundo: Aprobar inicialmente o cadro de persoal, comprensivo de tódolos postos de traballo reservados a funcionarios, persoal laboral fixo e temporal.



Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concellodelousame.com
concellodelousame@concellodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c

Terceiro: Expoñer ao público o expediente completo do Orzamento Xeral para o exercicio 2017 e o cadro de persoal, durante o prazo de quince días hábiles a contar dende o seguinte ao da publicación do correspondente anuncio no Boletín Oficial da Provincia, durante os cales os interesados poderán examinalo e presentar as reclamacións ante o Pleno. O Orzamento e o Cadro consideraranse definitivamente aprobados se durante o citado prazo non se presentasen reclamacións. No caso contrario, o Pleno disporá dun mes para resolvelas. De tódolos xeitos o Orzamento e o Cadro de Persoal definitivamente aprobados non entrarán en vigor ate a súa aprobación definitiva e publicación da mesma no Boletín Oficial da Provincia.

Cuarto: Unha vez aprobados definitivamente, o Orzamento e o Cadro de Persoal serán publicados integramente no Boletín Oficial da Provincia e remitirase unha copia dos mesmos á Administración do Estado e ao órgano competente da Comunidade Autónoma>>

Lousame, a 31 de xullo de 2017

A Alcaldesa

Asdo. M^a Teresa Villaverde Pais





Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concellodelousame.com
concellodelousame@concellodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c

PAULA ARES OTERO, SECRETARIA-INTERVENTORA EN RÉXIME DE ACUMULACIÓN DE FUNCIÓNS DO CONCELLO DE LOUSAME (A CORUÑA), DO QUE É ALCALDESA-PRESIDENTA DONA MARÍA TERESA VILLAVERDE PAIS

CERTIFICA: Que na **sesión plenaria extraordinaria** que tivo lugar o día **4 de agosto de 2017** adoptouse entre outros o seguinte acordo, que se transcribe dun xeito literal, salvo erro ou omisión involuntarias, e sen prexuízo do que resulta da aprobación definitiva da acta:

1) APROBACIÓN INICIAL, SE PROCEDE, DO ORZAMENTO XERAL DO CONCELLO DE LOUSAME PARA O EXERCICIO ECONÓMICO 2017 XUNTO COS SEUS ANEXOS, BASES DE EXECUCIÓN E CADRO DE PERSOAL.

En consecuencia, o Pleno Corporativo, por seis (6) votos a favor (dos concelleiros do GPM do PP) e tres (3) abstencións (dos concelleiros do GPM do PSdG-PSOE), sendo once (11) o seu número legal de membros, e polo tanto co quórum da maioría absoluta, adopta o seguinte **ACORDO**:

<<Elaborado o proxecto de Orzamento do Concello de Lousame para o exercicio económico de 2017, así como os seus Anexos e as súas Bases de Execución e o cadro de persoal, de acordo co establecido polos artigos 168 e 169 do RD Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, e o artigo 18 do RD 500/1990, do 20 de abril, polo que se desenvolve o Capítulo I do Título VI da Lei 39/1988.

Vistos os informes da Secretaría-Intervención sobre os Orzamentos Xerais e sobre a estabilidade orzamentaria e nivel de endebedamento que constan no expediente.

Considerando os antecedentes expostos, o Pleno Corporativo, no uso das súas competencias, adopta o seguinte **ACORDO**:

Primeiro: Aprobar inicialmente os Orzamentos Xerais do Concello de Lousame para o exercicio económico 2017, xunto cos seus Anexos e as súas Bases de Execución, e cuxo resume por capítulos é o seguinte:



Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concellodelousame.com
concellodelousame@concellodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c

Estado de Gastos		Estado de Ingresos	
<i>Operacións non financeiras</i>		<i>Operacións non financeiras</i>	
Gastos correntes		Ingresos correntes	
Capítulo	Importe	Capítulo	Importe
1	929.830,58	1	442.000,00
2	979.098,30	2	30.000,00
3	2.400,00	3	326.118,04
4	202.712,29	4	1.457.881,36
		5	1.800,00
Total	2.114.041,17	Total	2.257.799,40
Gastos de capital		Ingresos de capital	
6	715.056,81	6	
7		7	598.733,34
Total	715.056,81	Total	598.733,34
<i>Operacións financeiras</i>		<i>Operacións financeiras</i>	
8		8	
9	39.908,79	9	12.474,03
Total	39.908,79	Total	12.474,03
TOTAL EG	2.869.006,77	TOTAL EI	2.869.006,77

Segundo: Aprobar inicialmente o cadro de persoal, comprensivo de tódolos postos de traballo reservados a funcionarios, persoal laboral fixo e temporal.

Terceiro: Expoñer ao público o expediente completo do Orzamento Xeral para o exercicio 2017 e o cadro de persoal, durante o prazo de quince días hábiles a contar dende o seguinte ao da publicación do correspondente anuncio no Boletín Oficial da Provincia, durante os cales os interesados poderán examinalo e presentar as reclamacións ante o Pleno. O Orzamento e o Cadro consideraranse definitivamente aprobados se durante o citado prazo non se presentasen reclamacións. No caso contrario, o Pleno disporá dun mes para resolvelas. De tódolos xeitos o Orzamento e o Cadro de Persoal definitivamente aprobados non entrarán en vigor ate a súa aprobación definitiva e publicación da mesma no Boletín Oficial da Provincia.

Cuarto: Unha vez aprobados definitivamente, o Orzamento e o Cadro de Persoal serán publicados integramente no Boletín Oficial da Provincia e remitirase unha copia dos mesmos á Administración do Estado e ao órgano competente da Comunidade Autónoma>>



Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1.
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concellodelousame.com
concellodelousame@concellodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c

E para que así conste, e aos efectos oportunos, emítese o presente, co visto e prace da Alcaldía, en Lousame a 7 de agosto de 2017.

Visto e Prace
A Alcaldesa

M^a Teresa Villaverde Pais

Paula Ares Otero





Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concelloodelousame.com
concelloodelousame@concelloodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c

Anuncio de aprobación inicial do orzamento de 2017

O Pleno do Concello de Lousame, na sesión extraordinaria do 04.08.2017, acordou a aprobación inicial do Orzamento Xeral, Bases de Execución e cadro de persoal para o exercicio económico de 2017.


E en cumprimento do disposto no artigo 169 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, sométese o expediente completo a exposición pública polo prazo de quince días hábiles a contar desde o día seguinte da inserción deste anuncio no BOP, para que os interesados poidan examinalo e presentar as reclamacións que estimen oportunas.

Se transcorrido o prazo non se presentasen alegacións, considerarase aprobado definitivamente o Orzamento.

Lousame, a 7 de agosto de 2017

A Alcaldesa

Asdo. M^a Teresa Villaverde Pais



DATOS DE LA FIRMA

Nombre:
MARÍA MONTSERRAT ARUFE
LAMAS
NIF:
33259999K

DATOS DEL REGISTRO

Fecha de Entrada:
20170807
Hora:
08:52
Número de Registro:
201799900047273
Tipo:
Registro Telemático

DATOS DEL ANUNCIO

Número de Anuncio:
2017/6885
Sumario:
APROBACIÓN PUBLICACIÓN
ANUNCIO PROVISIONAL
ORZAMENTO 2017.



Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concellodelousame.com
concellodelousame@concellodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c

Anuncio de aprobación inicial do orzamento de 2017

O Pleno do Concello de Lousame, na sesión extraordinaria do 04.08.2017, acordou a aprobación inicial do Orzamento Xeral, Bases de Execución e cadro de persoal para o exercicio económico de 2017.

E en cumprimento do disposto no artigo 169 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, sométese o expediente completo a exposición pública polo prazo de quince días hábiles a contar desde o día seguinte da inserción deste anuncio no BOP, para que os interesados poidan examinalo e presentar as reclamacións que estimen oportunas.

Se transcorrido o prazo non se presentasen alegacións, considerarase aprobado definitivamente o Orzamento.

Lousame, a 7 de agosto de 2017

A Alcaldesa

Asdo. M^a Teresa Villaverde Pais.



Taboleiro

ADMINISTRACIÓN LOCAL MUNICIPAL LOUSAME

Aprobación da publicación de anuncio provisional do orzamento 2017

Anuncio de aprobación inicial do orzamento de 2017

O Pleno do Concello de Lousame, na sesión extraordinaria do 04.08.2017, acordou a aprobación inicial do orzamento xeral, bases de execución e cadro de persoal para o exercicio económico de 2017.

E en cumprimento do disposto no artigo 169 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, sométese o expediente completo a exposición pública polo prazo de quince días hábiles, a contar desde o día seguinte da inserción deste anuncio no BOP, para que os interesados poidan examinalo e presentar as reclamacións que estimen oportunas.

Se transcorrido o prazo non se presentasen alegacións, considerarase aprobado definitivamente o orzamento.

Lousame, a 7 de agosto de 2017.

A alcaldesa

Asdo.: M.^a Teresa Villaverde Pais

2017/6885



Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concellodelousame.com
concellodelousame@concellodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c

PAULA ARES OTERO, SECRETARIA-INTERVENTORA EN RÉXIME DE ACUMULACIÓN DO CONCELLO DE LOUSAME DO QUE É ALCALDESA DONA M^a TERESA VILLAYERDE PAIS

CERTIFICA: Que da documentación obrante ao meu cargo queda acreditado, salvo erro ou omisión involuntaria, que:

Primeiro: O Pleno do Concello de Lousame aprobou inicialmente o Orzamento de 2017 o día 04.08.2017.

Segundo: O anuncio de exposición pública foi publicado no BOP núm. 149 do 08.08.2017 outorgando un prazo de quince días hábiles a contar desde o seguinte ao da inserción do anuncio no BOP para que os interesados puidesen examinalo e presentar as reclamacións que estimasen oportunas. Este prazo venceu o día 30/08/2017.

Terceiro: Durante o período de información non consta a presentación de ningún tipo de alegación.

E para que así conste, e aos efectos oportunos, expido e asino o presente co visto e praxe da Alcaldía, en Lousame a 31 de agosto de 2017.

Visto e Praxe

A Alcaldía

Asdo. M^a Teresa Villaverde Pais

A Secretaria-Interventora

Asdo. Paula Ares Otero



ADMINISTRACIÓN LOCAL MUNICIPAL LOUSAME

Publicación anuncio aprobación orzamento 2017

Anuncio de aprobación definitiva do orzamento de 2017

O Pleno do Concello de Lousame acordou a aprobación definitiva do Orzamento Xeral, Bases de Execución e cadro de persoal para o exercicio económico de 2017, na sesión extraordinaria do 04.08.2017. Estivo exposto ao público durante o prazo de 15 días hábiles, mediante anuncio no taboleiro de edictos e no BOP núm. 149 do 08.08.2017, sen que durante o dito prazo conste a presentación de ningún tipo de reclamación. Así, o acordo inicial enténdese elevado a definitivo.

De conformidade co artigo 169 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo e 20 do Real Decreto 500/1990, de 20 de abril, procédese á publicación da aprobación definitiva do orzamento, xunto co resumo por capítulos e o cadro de persoal

Estado de Gastos		Estado de Ingresos	
Operacións non financeiras		Operacións non financeiras	
Gastos correntes		Ingresos correntes	
Capítulo	Importe	Capítulo	Importe
1	929.830,58	1	442.000,00
2	979.098,30	2	30.000,00
3	2.400,00	3	326.118,04
4	202.712,29	4	1.457.881,36
		5	1.800,00
Total	2.114.041,17	Total	2.257.799,40
Gastos de capital		Ingresos de capital	
6	715.056,81	6	
7		7	598.733,34
Total	715.056,81	Total	598.733,34
Operacións financeiras		Operacións financeiras	
8		8	
9	39.908,79	9	12.474,03
Total	39.908,79	Total	12.474,03
TOTAL EG	2.869.006,77	TOTAL EI	2.869.006,77

CADRO DE PERSOAL 2017

A) FUNCIONARIOS DE CARREIRA

DENOMINACIÓN	Nº PRAZAS	GRUPO	NIVEL	ESCALA	SUB-ESCALA	SITUACIÓN
Secretaría-Intervención	1	A1	28	Habilit.Nac.	Secret-Interv.	Vacante
TAX	1	A1	24	Admin. Xeral	Técnico	Vacante
Administrativo TESOUREIRO	1	C1	20	Admin. Xeral	Administrativo	Propiedade
Administrativo	1	C1	20	Admin. Xeral	Administrativo	Propiedade
Auxiliar SERVIZOS SOCIAIS	1	C2	18	Admin. Xeral	Auxiliar	Vacante
Celadora CPI	1	E	14	Admin. Xeral	Subalt. Adm. Xeral	Propiedade